

MEMORIA DE RESPONSABILIDADE SOCIAL

DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Segundo as directrices de GRI Standard
Data: setembro de 2023

Cursos académicos:
2019-2020 e 2020-2021

Anos naturais:
2021 e 2022



MEMORIA DE RESPONSABILIDADE

Anos naturais
2021 e 2022

Índice

Carta do reitor da USC	7
------------------------------	---

Carta da presidenta do Consello Social da USC	8
---	---

1- PERFIL DA USC

1.1 Natureza e forma xurídica	12
1.2 Localización das sedes	14
1.2 Misión, visión e valores da USC.....	15
1.3 A quen nos diriximos?	16
1.4 As principais cifras da USC nos cursos 2020/2021 e 2021/2022	16

2. A GOBERNANZA NA USC

2.1 Os órganos de goberno da USC	20
2.2 Composición do Consello de goberno actual.....	21
2.3 Modelo de Goberno e Sustentabilidade.....	21
2.4 Ética e integridade.....	22
2.5 Transparencia na USC	23
2.6 Principais fitos da USC nos anos 2021 e 2022 .	23
2.7 As iniciativas externas na USC	24
2.8 Contexto de Sustentabilidade.....	24
2.9 A inclusión dos Grupos de Interese.....	24
2.9.1 Relación cos usuarios/as da USC	27
2.9.2 Relacións externas con organizacións locais	27
2.9.3 Estratexia da internacionalización	28
2.9.4 A relación coas administracións públicas, provedores e empresas	29
2.10 Análise da materialidade	29

3. SOBRE A ELABORACIÓN DA MEMORIA	32
---	----

4. A XESTIÓN DAS PERSOAS..... 36

4.1 Perfil do persoal da USC	xx
4.2 Compensación e beneficios ofrecidos pola USC a os seus empregados.....	xx
4.3 Igualdade de oportunidades	xx
4.4 Conciliación familiar	xx
4.5 Non discriminación	xx
4.6 Seguridade e saúde dos traballadores	xx

5. ECOLOXÍA INTERNA

5.1 A xestión de enerxía	52
5.3 Principais actuacións en materia de eficiencia enerxética.....	53
5.3 As emisións de GEI a atmosfera.....	53
5.4 Intensidade das emisión	54
5.5 A xestión da auga	55
5.6 A xestión dos residuos	55

6. ECONOMÍA

6.1 Anticorrupción	61
--------------------------	----

7. VERIFICACIÓN EXTERNA..... 62

8. FRECUENCIA DO INFORME E PUNTO DE CONTACTO

ANEXO: ÍNDICE DE CONTIDOS 66

Índice de contidos e a súa relación con GRI Standards, Axenda 2030 e o Pacto Mundial das Nacións Unidas.



Limiar do reitor

A USC está profundamente arraigada na sociedade galega, coa misión nítida de estar ao servizo do desenvolvemento económico, social e cultural da Comunidade Autónoma de Galicia. O compromiso cos principios dunha Responsabilidade Social Corporativa é un dos trazos da institución, nos que se inclúen retos enmarcados nos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible definidos pola Axenda 2030 que guían o noso quefacer cotián.

As accións que engloban o proxecto universitario da USC están en consonancia cos piares da Certificación GRI (“*Global Report Initiative*”) da Responsabilidade Social Corporativa:

- Unha universidade cunha oferta académica atractiva, capaz de atraer os mellores estudantes e de facer unha investigación innovadora e de excelencia, conectada coas demandas da súa contorna para proxectarse como unha universidade de referencia internacional.
- Unha universidade firmemente comprometida coa sociedade, na que actúa como motor de desenvolvemento económico e de benestar social, que é un referente para a cooperación social, o desenvolvemento sostible, o respecto ao medio ambiente, así como para a creación e difusión da cultura.
- Unha universidade exemplar na xestión transparente, eficaz, eficiente e sostible dos seus recursos; integradora e colaborativa, que vincula as súas diferentes unidades nunha estratexia universitaria compartida.
- Unha universidade gobernada de forma democrática e participativa que sitúa os estudantes no centro para ofrecer unha educación científica, técnica e cívica de alta calidade e que coida as condicións de traballo do seu profesorado, investigadores e persoal para garantir un persoal altamente cualificado e motivado.

A continua avaliación interna, xunto cunha mirada crítica externa, é unha das forzas impulsoras que nos permiten mellorar nun compromiso constante acorde coas bases da sustentabilidade e cun comportamento ético que permita situar a USC como un dos faros da sociedade galega.

ANTONIO LÓPEZ DÍAZ
Reitor

Limiar da presidenta do Consello Social



A importancia das actividades que voluntariamente levan a cabo empresas e institucións para mellorar as relacións cos seus grupos de interese creceu exponencialmente nos últimos anos, ata converterse nun elemento esencial na toma de decisións e xestión no seo das distintas organizacións.

A través da presente Memoria de Responsabilidade Social, a Universidade de Santiago de Compostela mostra o seu compromiso coa transparencia, a rendición de contas e a xestión ética e eficiente dos recursos humanos e materiais. Este documento é un bo expoñente do empeño da USC de contribuír á mellora da sociedade a través da investigación, a transferencia de coñecemento, a inclusión e a Sustentabilidade.

A Universidade de Santiago de Compostela está a facer un enorme esforzo para responder aos desafíos que presenta a transformación dixital, a Axenda 2030 e os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Como centros de coñecemento, as universidades teñen a responsabilidade de lideraren propostas de solucións ás necesidades da sociedade global e cambiante na que vivimos. A recente crise sanitaria, o cambio climático, o quecemento global e a guerra en Ucraína son algúns dos problemas que poñen de manifesto a nosa vulnerabilidade e a necesidade de reforzar os principios e valores que vertebran a nosa democracia.

Dende o Consello Social, como órgano de representación da sociedade galega na Universidade, asumimos o deber de fomentar a colaboración coa sociedade e coa empresa, creando vencellos de confianza que axuden ao desenvolvemento económico e social da nosa contorna. Neste sentido, como institución pública temos a obriga de ser un exemplo de comportamento socialmente responsable, engadindo valor á nosa comunidade e ao tecido produtivo a través da innovación.

En representación do órgano que teño a honra de presidir, felicitamos e apoiámos a toda a comunidade universitaria polo esforzo realizado na elaboración da presente Memoria que reflicte o traballo diario da institución a prol dunha USC transparente e socialmente responsable.

CECILIA SIERRA
Presidenta do Consello Social



1

Perfil da USC




1.1 NATUREZA E FORMA XURÍDICA

A Universidade de Santiago de Compostela (en adiante USC) atesoura máis de cinco séculos de historia durante os cales se converteu nunha das universidades senlleiras do Espazo Europeo de Educación Superior e nunha institución pública que, coa súa oferta docente, a súa produción científica e a súa transferencia de coñecemento, contribúe decisivamente ao desenvolvemento económico, social e cultural da sociedade galega e crea un espazo de cidadanía que xira ao redor dos valores da liberdade, a igualdade, a xustiza, o pluralismo e a sustentabilidade.

A USC defínese no Artigo 1.1¹ dos seus estatutos, como:

“Unha institución pública dotada de plena personalidade xurídica e patrimonio propio, constituída polos campus de Santiago de Compostela e Lugo, que asume e desenvolve as súas funcións como servizo público esencial á comunidade mediante o estudo, a docencia, a investigación e a transferencia do coñecemento, actividades para as que goza de autonomía, de acordo con estes estatutos e no marco da lexislación vixente”



Son funcións básicas da USC as seguintes:

01. A creación, desenvolvemento, transmisión e crítica do coñecemento científico, técnico, artístico e humanístico, de xeito que se potenciará unha educación baseada nos principios democráticos, a defensa da paz e dos dereitos humanos.
02. A preparación para o exercicio de actividades profesionais que esixan coñecementos científicos, técnicos, artísticos ou humanísticos.
03. A difusión, a valorización e a transferencia do coñecemento ao servizo da cultura, da calidade de vida e do desenvolvemento económico e social.
04. A difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación ao longo de toda a vida.
05. O apoio científico, técnico, artístico e humanístico ao desenvolvemento social, económico e cultural da sociedade galega que a sustenta.


A USC tamén desenvolve actividades de extensión universitaria, sempre baixo os principios de transparencia, calidade, legalidade, eficacia e eficiencia.

¹ Normas xerais e Estatutos | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)

LOCALIZACIÓN DAS SEDES

A actividade docente da USC lévase a cabo nos diversos campus das cidades de Lugo e Santiago de Compostela. En Santiago de Compostela é onde se sitúa a sede dos órganos de goberno.

Cómpre sinalar que tras a situación creada pola pandemia por COVID 19, no ano 2020, a modalidade de docencia virtual é cada vez máis demandada polo que a USC pode atoparse en calquera parte do mundo.



1.2 MISIÓN, VISIÓN E VALORES DA USC

No Plan estratéxico identifícanse e defínense os valores, a visión e a misión da USC e o seu compromiso coa ética e a sustentabilidade.

A misión; que somos?

A Universidade de Santiago de Compostela é unha institución pública dedicada á preservación, xeración, transmisión e difusión do coñecemento de xeito socialmente responsable. É unha universidade completa, cunha ampla oferta académica en todas as grandes áreas do saber e que desenvolve unha importante actividade investigadora, o que a sitúa nunha posición destacada entre as universidades españolas, sendo pioneira en políticas de emprendemento e en transferencia e valorización dos resultados da investigación, ao tempo que proporciona un servizo esencial á sociedade galega.

A visión; cara a onde nos diriximos?

- Unha universidade de recoñecido prestixio, que destaque a todos os niveis pola súa solvencia académica e por unha oferta atractiva capaz de captar as/os mellores estudantes, así como por unha actividade investigadora recoñecida que responda ás demandas da contorna e a criterios de excelencia científica que a proxecten internacionalmente.
- Unha universidade firmemente comprometida coa sociedade, que actúe como motor do desenvolvemento socioeconómico da contorna, e que sexa un referente nos temas de cooperación social, no desenvolvemento sostible, no respecto ao medio ambiente e na creación e difusión da cultura.
- Unha universidade exemplar na xestión dos recursos, cun modelo de xestión áxil e transparente, cunha economía saneada e que saiba vincular o funcionamento das diferentes unidades estruturais coa estratexia institucional.
- Unha universidade participativa en torno a un proxecto común, na que todas as estratexias estean centradas nas persoas, nas súas competencias e condicións de traballo, para conseguir que todo o seu persoal estea altamente cualificado e motivado.

Os valores; como somos?

- Preservación e potenciación dos nosos propios sinais de identidade.
- Respetto aos dereitos de todas as persoas e, en particular, do noso estudantado, das traballadoras e dos traballadores.
- A procura permanente da excelencia en todas as actividades universitarias.
- Compromiso coa transparencia, o rendemento de contas, a eficiencia e a eficacia na xestión dos recursos.
- Compromiso cunha xestión baseada no diálogo, a participación, a confianza e a responsabilidade compartida.
- Compromiso cun desenvolvemento sostible, coa equidade e coa eliminación de todo tipo de discriminacións.
- Compromiso coa transferencia de coñecemento á sociedade como contribución ao desenvolvemento social e económico de Galicia.
- Compromiso de servizo á sociedade.

1.3 A QUEN NOS DIRIXIMOS?


É a sociedade galega o noso público prioritario, adquirindo con ela os compromisos **de apoio o I+D Galego e apoio á transferencia de coñecemento**.

A USC imparte ensinanzas universitarias oficiais con validez en todo o territorio nacional, as cales se estruturan nos seguintes niveis: graos, mestrados e doutoramentos. Así mesmo, ofrécese un amplo catá-

logo de titulacións propias. A USC garante un acceso igualitario a todas as nosas ensinanzas.

A responsabilidade social da USC está condicionada á relación cos seus grupos de interese. O compromiso cos axentes fundamentais e grupos de interese afiánzase a través da representación e a presenza directa nos órganos de goberno da Universidade permitindo a defensa dos seus intereses e a consecución das súas expectativas. ■

1.4 AS PRINCIPAIS CIFRAS DA USC NOS CURSOS 2020/2021 E 2021/2022



Oferta educativa nos cursos académicos 2020/2021 e 2021/2022



Principais datos económicos

INGRESOS NETOS		INGRESOS TOTAIS	
2021	2022	2021	2022
246.568.412,85 €	268.277.306,74 €	486.969.078,77 €	483.331.094,08 €

Recursos humanos da USC nos anos 2021 e 2022

PERSOAL TOTAL USC ANO 2021				PERSOAL TOTAL USC ANO 2022			
PDI 2.087		PAS 1.218		PDI 2.141		PAS 1.221	
Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes	Mulleres	Homes
43%	57%	57%	43%	57%	43%	57%	43%

Alumnado da USC

ALUMNOS TOTALES CURSO 2020/2021	Mulleres	Homes	ALUMNOS TOTALES CURSO 2021/2022	Mulleres	Homes
24.551	61%	39%	24.095	62%	38%

2

A governanza na USC



2.1 OS ÓRGANOS DE GOBERNO DA USC²

A USC conta cunha estrutura organizativa que permite poder levar a cabo de forma eficiente a xestión da organización, pondo como eixos prioritarios a transparencia, a sustentabilidade e a relación coa súa contorna.

O goberno da USC fundaméntase nos **órganos colexiados e os órganos unipersoais**.

Os órganos colexiados son:

- **Claustro**, que ostenta a representación da comunidade universitaria. O claustro é elixido cada catro anos e a representación do estudantado cada dous anos.
- **Consello de Goberno** o cal é o órgano ordinario de goberno.
- **Consello Social**, quen dirixe a participación social na Universidade.

Os órganos unipersoais son:

- O reitor ou reitora
- Os vicerreitores e vicerreitoras
- A secretaria ou secretario xeral
- O xerente ou xerenta

A USC imparte ensinanzas universitarias oficiais con validez en todo o territorio nacional, as cales se estruturan nos seguintes niveis: Graos, mestrados e doutoramentos. Así mesmo, ofrécese un amplo catálogo de titulacións propias. A USC garante un acceso igualitario a todas as nosas ensinanzas.

A responsabilidade social da USC está condicionada á relación cos seus grupos de interese. O compromiso cos axentes fundamentais e grupos de interese afiánzase a través da representación e a presenza directa nos órganos de goberno da Universidade permitindo a defensa dos seus intereses e a consecución das súas expectativas.



Figura 2 Esquema da estrutura de goberno da USC.

² Pódese consultar a composición dos órganos de goberno da USC na ligazón [O Goberno da Universidade | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#).

³ Na ligazón [Consello Social | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#) pódese consultar as funcións e composición do Consello Social de USC.

2.2 COMPOSICIÓN DO CONSELLO DE GOBERNO ACTUAL

A composición do Consello de Goberno o 1 de setembro de 2023 era a seguinte:

- **Reitor:** Don Antonio López Díaz
- **Secretaría xeral:** Dona Dulce M^a García Mella
- **Xerente:** Don Javier Ferreira Fernández
- **Vicerreitor de política científica:** Don Vicente Pérez Muñuzuri
- **Vicerreitor de profesorado:** Don Ernesto Xosé González Seoane
- **Vicerreitora de titulacións e internacionalización:** Dona M^a José López Couso
- **Vicerreitora de estudantes e cultura:** Dona Pilar Murias Fernández
- **Vicerreitor de organización académica e campus de Lugo:** Don Francisco Fraga López
- **Vicerreitor de transformación dixital e innovación:** Don Gumersindo Feijoo Costa

O reitor ou reitora é a máxima autoridade académica na USC, de acordo co establecido nos seus Estatutos.

A elección do reitor ou reitora realízase pola comunidade universitaria da USC por sufraxio universal tal e como se recolle nos Estatutos da USC.

Nos Estatutos da USC o reitor ou reitora poderá delegar as súas competencias naquelas persoas que dirixan as súas vicerreitorías, fóra de nomeamentos de vicerreitores/as, secretario/a xeral e xerente/a, e a expedición de títulos académicos e a sanción de separación do servizo.

O reitor da USC revisa o contido desta memoria e os resultados das accións levadas a cabo en materia de sustentabilidade. Os resultados destas accións recóllense no Informe de Xestión do Reitor 2019-2022⁴.

2.3 MODELO DE GOBERNO E SUSTENTABILIDADE

A USC ten establecido un modelo de goberno que permite abordar os seus compromisos coa contorna e coa sustentabilidade de maneira transparente e realista. Estes compromisos recóllense na Programación Plurianual 2019-2022 e engloban a filosofía presentada á comunidade universitaria polo equipo de goberno aliándose cos principais obxectivos no plan estratéxico 2011-2020.

Este plan ten 7 eixos fundamentais sobre os que pivota a Programación Plurianual da USC:

1. Centrar a atención no estudantado
2. Comprometerse co persoal
3. Poñerse ao servizo da sociedade
4. Situar o coñecemento da USC á vangarda
5. Proxectar a USC polo mundo
6. Xestionar os recursos de forma intelixente
7. Aprender da experiencia do COVID-19 para conseguir unha universidade máis segura e flexible

A revisión do Plan estratéxico faise a través das **programacións plurianuais de catro anos**, nas que se marcan os eixos fundamentais sobre os que pivotan as políticas e estratexias de USC para o período correspondente. As directrices xerais da programación plurianual (marcadas polo Claustro) inclúen as accións de goberno do equipo reitoral e aliñanse cos principais obxectivos fixados.

A Programación plurianual 2019-2022 foi a vixente no período analizado nesta memoria. Na actualidade está en vigor a Planificación plurianual 2023-2026⁵.

⁴ Pódese consultar o Informe de Xestión do Reitor 2019-2022 na ligazón [Reitor | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#).

⁵ Pódese consultar a programación plurianual na seguinte ligazón: [Programacións Plurianuais | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

2.4 ÉTICA E INTEGRIDADE

Entendemos na USC que unha política baseada na sustentabilidade non é crible se non se pode asegurar un **comportamento ético** de todos os seus membros. Nunha organización tan complexa como a USC é fundamental coñecer os riscos e implantar medidas e ferramentas que garantan a detección e rápida actuación por parte dos órganos de control responsables. Os órganos de goberno da USC son coñecedores desta circunstancia e establecen políticas e ferramentas que permiten a identificación dos comportamentos que non cumpran co código ético da USC.

Como reflexo do compromiso coa responsabilidade social e a sustentabilidade temos que mencionar que o 31 de maio de 2007 aprobouse o Código Ético da USC⁶ que ten os seguintes obxectivos:

1. Propor uns compromisos éticos e tornalos visíbeis tanto, exteriormente, de cara á sociedade canto, interiormente, de cara á propia universidade.
2. Satisfacer, con iso, unha tripla función:
 1. Servir de carta de presentación perante a sociedade, mostrando o sentido e as liñas xerais da actividade e a acción da universidade.
 2. Concluir un triplo compromiso ético —da universidade coa sociedade, da universidade co persoal universitario, e entre o persoal universitario— acerca dos obxectivos e os procedementos asumidos pola universidade.
 3. Ofrecer á comunidade universitaria unha guía de actuación que sintetice e exprese en termos éticos o cadro regulamentario e legal vixente e que inspire e estimule o desenvolvemento deste.

Para garantir o cumprimento do Código ético por parte de todos os membros da comunidade universitaria creouse no ano 2009 o **Observatorio do Código Ético**, o cal está coordinado polo valedor da comunidade universitaria que fai un seguimento do seu cumprimento.

Ademais a USC conta con varias ferramentas de xestión e control do risco coas que se pretende mitigar

ou eliminar os riscos e os impactos negativos para a responsabilidade social e a sustentabilidade.



Figura 3 Ferramentas de control dos riscos na USC.

⁶ O Código Ético da USC pódese ver na seguinte ligazón: [Código ético da USC | Universidade de Santiago de Compostela](#)

2.5 TRANSPARENCIA NA USC⁷

A transparencia constitúe un dos piares fundamentais do goberno e a xestión da USC e un dos principios esenciais da súa relación cos seus principais grupos de interese (PDI, PAS, estudantado, alumnao graduado, provedores, empresas, administracións públicas e organizacións da sociedade civil).

A transparencia reflíctese nunha política de rendición de contas sobre todos os ámbitos de actividade da USC, achegando así informes públicos sobre a produción científica, a xestión económica, a avaliación da calidade da súa docencia e o desempeño e o rendemento dos seus servizos e centros⁸.

A USC atópase entre as primeiras universidades españolas en desenvolver políticas de responsabilidade social e foi a primeira universidade que publicou a súa memoria de responsabilidade social no ano 2004.

2.6 PRINCIPAIS FITOS DA USC NOS ANOS 2021 E 2022

Destacar como principais fitos na USC neste período e que están relacionados coa sustentabilidade os seguintes:

- Promoción do comportamento ético no desempeño profesional:
 - Dende o ano 2019 foron realizadas 74 accións formativas no ámbito do TFG na que participaron 5.380 estudantes; mentres que no ámbito do TFM foron 26 accións formativas ás que asistiron 406 estudantes
- Achegar a administración universitaria e os seus servizos ao estudantado:

- Creación da APP USC
- Actualización da sede electrónica da USC
- Aprobación do Plan Plurianual do Profesorado 2019-2022
- Compromiso co Concello de Santiago de Compostela para a mellora da urbanización do Campus e actuación de conservación
- Creación do HUB DATAlife para impulsar o valor de Galicia como bio-rexión europea de referencia
- Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos
- Avanzar na igualdade e na sustentabilidade:
 - Aprobación no Consello de Goberno do 28/05/2021 do **III Plan Estratéxico de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes na USC**
 - Elaboración do protocolo de actuación para os cambios de nome e de mención relativa ao sexo
 - Sistematización da recollida e reutilización de aparellos eléctricos e electrónicos
 - Optimización enerxética. Maior ecoeficiencia e redución de emisións de CO₂
 - Asesoría con COGAMI para a mellora a accesibilidade no conxunto do campus
 - Sinatura de compromiso das tres universidades galegas a prol da Axenda 2030
 - Celebración do VII Congreso Universidade e Cooperación ao Desenvolvemento, Coñecemento e Compromiso social ante os retos globais

Para ter unha información máis completa dos resultados das accións levadas a cabo ao longo do período que abrangue esta memoria pódese consultar o **Informe de Xestión do Reitor 2019-2022⁹**.

⁷ Pódese consultar toda a información sobre a transparencia na USC na ligazón: [Transparencia | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#).

⁸ Os informes en materia económica dende o ano 2000 ata o ano 2022 pódense consultar na seguinte ligazón: [Conta Xeral da USC | Universidade de Santiago de Compostela](#).

⁹ <https://minerva.usc.es/xmlui/handle/10347/30634>

2.7 AS INICIATIVAS EXTERNAS DA USC

A USC está adherida ás seguintes iniciativas externas:

- Compromiso cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) das Nacións Unidas, os cales entraron en vigor o ano 2016, cando se aprobou a Axenda 2030
- A USC está adherida aos 10 principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas
- Declaración de Helsinki de iniciativa lingüística na ciencia
- Adhesión e certificación na Human Research Excellence
- Coordinación do Grupo Compostela

2.8 CONTEXTO DE SUSTENTABILIDADE

A defensa dos valores da liberdade, a igualdade, a solidariedade, a protección do medio e a sustentabilidade afianzáronse a través das políticas de responsabilidade social da USC e o compromiso do conxunto da comunidade universitaria.

A responsabilidade social forma parte da planificación e da programación estratéxica da USC e obedece aos principios, valores e normas que fixa o seu Código Ético como guías e principios reitores da institución. O Observatorio do Código Ético, coordinado polo Valedor da Comunidade universitaria, avalía o seu cumprimento.

A xestión social responsable na USC susténtase en tres compromisos:

- Compromiso coas persoas, que son a pedra angular da institución universitaria e, en consecuencia, suxeitos de dereitos que deben ser garantidos para o seu pleno exercicio

- Compromiso coa calidade na docencia, na investigación e nos servizos, xa que non hai responsabilidade social sen calidade nin calidade que poida ser entendida sen un firme compromiso coa responsabilidade social
- Compromiso co desenvolvemento sostible a través do deseño dun novo Plan de Desenvolvemento Sostible aliñado cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible(ODS) da Axenda 2030 e dun abano de actuacións de formación, divulgación e concienciación ambiental, ademais da xestión integral de recursos e residuos para reducir, absorber e compensar a pegada ecolóxica ou promover novas fórmulas de mobilidade na USC

A USC rende conta das súas políticas a través desta Memoria de Responsabilidade Social, onde se avalían dúas dimensións e sete ámbitos de responsabilidade que comparten obxectivos e actuacións cos seus grupos de interese.

2.9 A INCLUSIÓN DOS GRUPOS DE INTERESE¹⁰

Os grupos de interese son as persoas, entidades, organizacións e colectivos que se poden sentir afectados ou afectar polas actividades da USC e que polo tanto debemos ter en conta nas nosas políticas e na toma de decisións.

Na USC temos o compromiso de traballar tendo en conta as opinións, intereses, necesidades e expectativas destes grupos cos que temos relación de forma directa ou indirecta. Compartimos con eles obxectivos e metas comúns, polo que consideramos necesaria a implicación e participación de todos os grupos para poder crear valor compartido.

Todos os grupos teñen recoñecida a súa presenza nos órganos de goberno da USC a través do Claustro Universitario, do Consello de Goberno, das xuntas de facultade, do Consello Social, escolas e nos consellos de departamento.

A nivel interno o Claustro Universitario é o que ostenta a representación da comunidade universitaria, e o Consello Social é o órgano de participación da sociedade na USC.

Ter en conta tamén o Valedor da Comunidade Universitaria, unha institución independente e autónoma que traballa na garantía e defensa dos dereitos da comunidade universitaria.

Tras unha reflexión interna identificáronse os grupos de interese da USC. Así mesmo identificáronse os seus interese e expectativas con respecto á USC.

Para nós a **transparencia** é a base para establecermos un clima de confianza cos nosos grupos de interese, por iso pomos a disposición a información relativa á sustentabilidade a través das seguintes canles:

- A nosa web www.usc.gal
- Espazos web onde os grupos de interese poden expresar as súas opinións e inquietudes relacionadas coa responsabilidade social

Na táboa seguinte pódense ver os grupos de interese, os seus intereses e expectativas, así como as canles de comunicación que a USC pon a disposición destes grupos.

Dimensións	Grupos de interese	Intereses e expectativas	Canales de comunicación
Interna	Órganos centrais • Consello de Goberno • Consello Social • Consello Universitario	• Transparencia na información xeral recibida (operativa e corporativa) • Comportamento ético da USC • Prácticas de gobernanza • Ambiente laboral apropiado • Cambios organizativos • Dispor de beneficios sociais • Seguridade e saúde • Formación e promoción	• Claustro universitario • Páxina web www.usc.gal • Correo electrónico • Comunicacións internas • Espazos web • APP USC
	Órganos periféricos • Xuntas de facultade • Consellos de departamento		
	Persoal • Persoal docente e investigador (PDI) • Persoal de administración e servizos (PAS)		
	Consello do estudiantado Estudiantado actual Estudiantado egresado	• Dispor dunha oferta académica atractiva e de calidade acorde coas necesidades da sociedade e o mercado de traballo	• Claustro universitario • Páxina web www.usc.gal • APP USC
Externa	Sociedade • Contorna social: comunidade local, autónoma, nacional e internacional • Contorna ambiental	• Impulso ao desenvolvemento económico e dinamización sociocultural • Implicación cos intereses da comunidade local • Respetto ao medio ambiente e á contorna • Compromiso de responsabilidade social e ética	• Consello social • Páxina web www.usc.gal • APP USC
	Provedores • De bens • De servizos • Concesionarias	• Procesos de homologación e contratación xustos • Cumprimento dos compromisos contractuais • Vinculación do compromiso de responsabilidade ética • Seguridade e saúde	• Consello social • Páxina web www.usc.gal • Concursos • Contratos • Portal dos provedores • Avaliación de provedores
	Entidades públicas participantes • Concellos • Xunta de Galicia • Colexios profesionais • Sindicatos • Outras universidades	• Cumprimento coa normativa aplicable • Colaboración no desenvolvemento das políticas públicas • Promover proxectos conxuntos tanto docentes como de investigación • Comportamento ético	• Consello Social • Páxina web www.usc.gal
	Entidades privadas participantes • Empresas • Asociacións empresariais	• Oferta académica acorde coa sociedade e o mercado de traballo • Xeración de coñecemento	• Consello Social • Páxina web www.usc.gal

Táboa 1 Os grupos de interese da USC os seus intereses e as canles de comunicación coa USC.

¹⁰ Na ligazón [Transparencia | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](http://Transparencia | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal)), pódese atopar a información relacionada cos grupos de interese e as iniciativas levadas a cabo en relación cos asuntos sociais, económicos e ambientais.

As inquietudes sobre os impactos negativos da USC sobre os grupos de interese identificados recóllense por parte do Valedor da Comunidade Universitaria, o cal recolle estas inquietudes en forma de consultas, mediacións, queixas e recomendacións. Ao final de cada curso o Valedor da Comunidade Universitaria recolle nun informe as conclusións dos datos do curso académico e remíteo ao Claustro Universitario para a súa consulta.

Os datos do Valedor da Comunidade Universitaria recollidos nos cursos 2020-2021 e 2021-2022 móstranse na seguinte táboa:

Accións	Curso 2020-2021	Curso 2021-2022
Consultas	77	68
Mediacións	0	4
Queixas	79	55
Recomendacións	9	10

Táboa 2 Resultados do Valedor da Comunidade Universitaria

2.9.1 Relación cos usuarios e usuarias da USC

A relación da USC co noso estudantado susténtase en ferramentas que pomos ao seu dispor para que se sintan integrados nas políticas e valores de sustentabilidade da USC.

Estas ferramentas son:

- As bolsas e axudas ao estudo; son un dos instrumentos que contribúen de maneira máis eficaz a facer posible o principio de igualdade de oportunidades. A USC dispón do **Servizo de Bolsas e Axudas** onde se centralizan as prestacións que se ofrecen ao estudantado universitario en relación

coa xestión e tramitación das bolsas e axudas ao estudo xa sexan estatais, da propia USC ou das institucións coas que se asinan convenios de colaboración. As bolsas e axudas que ofrece a USC ao seu estudantado son:

- **Bolsas do Ministerio de Educación** de carácter xeral para estudantes universitarios que cursan estudos na Comunidade Autónoma de Galicia.
- **Axudas ao estudo de carácter especial ou Bolsas-Colaboración** para facilitar que os estudantes do último curso de estudos universitarios de grao e primeiro de máster presten a súa colaboración en distintos departamentos universitarios en réxime de compatibilidade cos seus estudos.
- **Bolsas propias da Universidade de Santiago de Compostela** para o pagamento de prezos públicos por servizos académicos dos alumnos matriculados no cuarto ciclo; axudas para gañadores das olimpíadas científicas, etc.
- **A plataforma de emprego**¹³; coa que o seu estudantado e antigos alumnos e alumnas poden mellorar a súa empregabilidade e desenvolvemento profesional. A plataforma permite acceder a ofertas de traballo, axenda de eventos, guías de recursos e consellos de interese para facilitar a inserción laboral dos titulados universitarios.
- **Módulo de orientación laboral para a empregabilidade**¹⁴; proxecto formativo que ten como obxectivo a adquisición e mellora das competencias transversais que facilitan o acceso ao mercado laboral.

Este programa supón un reforzo á formación académica, que se ofrece dende a USC, facilitando que o alumnado de último curso de grao e máster poida desenvolver o seu talento ao mesmo tempo que se lle proporciona a posibilidade de adquirir coñecementos e habilidades que mellorarán a súa transición cara á vida laboral.

- **Proxecto Mentoring USC**¹⁵; iniciativa que procura a posta en contacto de estudantes e titulados/as recentes, con profesionais de diferentes sectores, co obxectivo de ofrecerlles asesoramento e apoio para o acceso ao mundo laboral.
- **Servizo de Participación e Inclusión Universitaria (SEPIU)**, o cal coordina a oferta de actividades de voluntariado, participación e inclusión universitaria coas que se favorece a formación integral do alumnado desde unha visión socialmente responsable e comprometida cos obxectivos do desenvolvemento sostible.

Promóvense tamén actuacións para estimular a participación de membros da comunidade universitaria interesados en dedicar parte do seu tempo libre á acción voluntaria de maneira activa en entidades sociais ou institucións que asinaron un convenio de colaboración coa USC para desenvolver programas de voluntariado.

As voluntarias e voluntarios poden colaborar de xeito continuado nos programas de voluntariado participando de 2 a 3 horas semanais nas actividades propostas polas entidades sociais.

2.9.2 Relacións externas con organizacións locais

A USC ten un grande impacto positivo na comunidade que a acubilla, fundamentalmente nas cidades de Lugo e Santiago, aínda que o seu impacto expándese ao longo de toda a xeografía galega. Entre os diversos programas de participación coa comunidade local pódese destacar:

- **Cultura.** A USC mediante a súa Área de Cultura mantén unha forte presenza mediante a realización de numerosas actividades (exposicións, concertos, certames, obradoiros, etc.) que sempre están abertos a toda a comunidade grazas á colaboración estreita que se mantén cos Concellos de Lugo e Santiago e as Deputacións da Coruña e Lugo. Así mesmo, cómpre engadir os

dous museos propios (Museo de Historia Natural, en Santiago de Compostela, e o Museo Domus do Mitreo, en Lugo) e o Observatorio Astronómico “Ramón María Aller” que cumpre no 2023 o seu 75 aniversario. Toda a información relativa ao apartado de cultura pódese consultar nas seguintes páxinas web:

- Páxina da Área de Cultura [Cultura | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://cultura.usc.gal)
- Páxina do [Museo de Historia Natural \(usc.gal\)](https://museo.usc.gal)
- Páxina do Museo [A Domus do Mitreo – MUSEO UNIVERSITARIO](https://domus.usc.gal)
- Páxina do [Observatorio Astronómico “Ramón M.ª Aller” | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://observatorio.usc.gal)
- **Deporte.** O Servizo de Deportes mantén unha forte actividade coa comunidade, dende a organización de actividades para todas as idades, convenios de colaboración cos principais clubs deportivos e coa cesión das súas instalacións¹⁶. Esta última acción enmárcase na vía de colaboración aberta entre a USC e o Concello de Santiago para abrir as instalacións e servizos da Universidade á cidadanía e á contorna deportiva, co compromiso da entidade municipal de achegar financiamento que contribúa ao mantemento dos espazos e dos custos de persoal derivados de estender a oferta deste servizo a un colectivo máis amplo que o estritamente universitario¹⁷.
- **Voluntariado.** A USC promove a actividade de voluntariado coa comunidade a través do Servizo de Participación e Integración Universitaria, a cal abrangue accións relacionadas coa infancia, maiores, colectivos en risco de exclusión social, persoas con diversidade funcional, proxectos do ámbito da muller, cooperación ao desenvolvemento, medio ambiente, animais ou voluntariado asistencial a persoas enfermas. A USC colabora, en materia de voluntariado, con preto de 200 entidades que no curso 2021-2022 supuxo un total de 285 accións nas que participaron 874 alumnos

¹¹ Pódese consultar o informe 2020-2021 na ligazón https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2022-06/Memoria-2019-2020-2021_o.pdf

¹² Pódese consultar o informe 2021-2022 na ligazón <https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2023-05/Memoria%2021-2022.pdf>

¹³ [Información de Prácticas, Bolsas, Actividades, Formación, Emprego público.](https://www.usc.gal/informacion-de-practicas-bolsas-actividades-formacion-emplego-publico) | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal).

¹⁴ [Módulo de orientación laboral para a empregabilidade](https://www.usc.gal/modulo-de-orientacion-laboral-para-a-emplegabilidade) | Universidade de Santiago de Compostela (usc.gal).

¹⁵ Toda a información sobre este proxecto pode consultarse na web do proxecto Mentoring na ligazón [Proxecto Mentoring | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://www.usc.gal/proxecto-mentoring).

¹⁶ Nota do Convenio de Colaboración no uso dos espazos deportivos da USC pola comunidade [USC, Concello de Santiago e clubs deportivos de Compostela acordan as condicións de uso das instalacións universitarias](https://www.usc.gal/convenio-de-colaboracion-no-uso-dos-espazos-deportivos) | Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁷ Toda a información sobre o deporte e a USC pódese consultar ns seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/es/servicios/area/deporte>

e alumnas segundo se desprende do X Estudo sobre Voluntariado Universitario da Fundación Mutua Madrileña.

Estes datos sitúan á USC no segundo chanzo das universidades cun maior impacto nas accións de voluntariado¹⁸.

- **IV Ciclo**¹⁹. Un dos programas con maior aceptación dende a súa posta en marcha no curso 1997-1998 é o IV Ciclo Universitario que trata de achegar a universidade a persoas maiores de 50 anos. Unha das actividades é o Programa de Camiños de Coñecemento e Experiencia que ten como meta fundamental a de favorecer a democratización do coñecemento, potenciando e difundindo o coñecemento científico e artístico a toda a poboación maior de 50 anos das comarcas colaboradoras no proxecto: Boqueixón, Lalín, Mondoñedo, Monforte de Lemos, Noia, Outes, Porto do Son, Silleda, Sober, Verín, Vilagarcía de Arousa e Xermade.

Como proba deste compromiso temos que destacar a nota no xornal sobre a actividade no Concello de Ribeira [Medio cento de alumnos matriculados no IV Ciclo da USC en Ribeira | Universidade de Santiago de Compostela](#).

O Plan Estratéxico 2019-2022 establece unha serie de liñas de actuación no ámbito da Xestión Institucional e de Relación coa contorna, como son:

- Integrar os Campus nas cidades
- Potenciar o uso da lingua galega en todos os ámbitos
- Avanzar na igualdade e na sustentabilidade
- Profundizar na cultura da transparencia
- Elaborar unha nova política de comunicación e de imaxe institucional
- Impulsar o proxecto cultural da USC como un espazo de innovación e creación que sitúe a uni-

versidade na vangarda

- Dinamizar as relacións dos demais órganos da Universidade co Consello Social
- Impulsar o sistema de xestión da seguridade da información e protección de datos

As accións desenvolvidas para cada un dos obxectivos pódense ver na Progamação plurianual 2019-2022, no seu capítulo 3 “Poñerse ao servizo da sociedade”²⁰.

2.9.3 Estratexia de internacionalización

No Plan Estratéxico 2019-2022, inclúese como un eixo fundamental a **Proxección da USC polo Mundo** a prol de facer da USC unha institución máis prestixiosa e actual, buscando situarse como centro de referencia da educación superior a escala global. Dentro deste eixo establécense catro liñas de actuación:

1. **Potenciar a mobilidade das persoas**
2. **Internacionalizar a oferta docente da USC**
3. **Potenciar a comunicación da USC cara ao exterior**
4. **Cooperar para o desenvolvemento internacional**

Establecéronse 8 obxectivos e 26 accións para conseguir unha mellora neste apartado. No Informe de Xestión do Reitor 2019-2022 recóllese que se conseguiron completar o 79% das accións con bos resultados²¹.

Existe na USC unha **Vicerreitoría de Titulacións e Internacionalización** a cal asume o liderado desta iniciativa, en sintonía con outras vicerreitorías e cos servizos universitarios asociados a elas, e trata de desenvolver unha política transversal da universidade que permita desenvolver iniciativas externas da USC en relación coa sustentabilidade.

2.9.4 A relación coas administracións públicas, provedores e empresas

Na contratación de produtos e servizos, a USC segue unha estratexia de racionalidade, transparencia e xestión informatizada que, entre outras melloras, permite unificar os contratos dun mesmo servizo ou subministración acadando aforros significativos.

A USC conta cun Portal de Provedores no que se pode revisar o estado dos pedimentos e das facturas²².

Entre os obxectivos prioritarios da USC encóntrase a creación dunha rede de colaboración sólida coas empresas e institucións que permita contribuír positivamente ao desenvolvemento social e económico da contorna.

A participación no Clúster Bioga²³ e en UNIRISCO²⁴ son dous exemplos da estratexia que segue a USC para fomentar a relación e desenvolvemento empresarial na nosa comunidade autónoma.

2.10 ANÁLISE DA MATERIALIDADE

Enténdese por **asuntos materiais**: *“aqueles que, razoablemente, poden considerarse como importantes e que son os que máis preocupan os diferentes grupos de interese tanto internos como externos”*.

Son aqueles impactos económicos, ambientais e sociais máis significativos da organización, tanto positivos como negativos, e sobre os que se deben centrar as accións prioritarias e a achega de recursos, para obter os resultados que dean resposta ás inquietudes dos distintos grupos de interese.

Para coñecer os impactos máis significativos fíxose unha **análise da materialidade** que permitiu identificar e priorizar os asuntos que preocupan a organización e os seus grupos de interese. Sobre estes asuntos estableceremos os indicadores necesarios e farase o seguimento exhaustivo do comportamento da USC co tema material correspondente.

O proceso de identificación e avaliación dos asuntos en materia económica, ambiental e social, abarcou as seguintes etapas:




Figura 4 O proceso de análise da materialidade

¹⁸ Pódese consultar toda a información sobre voluntariado na USC na ligazón ao Servizo de Participación e Integración Universitaria (SEPIU) <https://www.usc.gal/es/servicios/area/inclusion-participacion-social>.

¹⁹ Na ligazón <https://www.usc.gal/es/estudios/iv-ciclo>, pódese ver toda información relativa ao IV CICLO.

²⁰ <https://www.usc.gal/es/institucional/gobierno/area/sxeco/orc/programaci%C3%B3n>

²¹ [Reitor | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

²² [Provedores | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#).

²³ [Bioga | Bioga](#)

²⁴ [Unirisco - El valor del conocimiento](#)

A listaxe inicial de temas a priorizar elabórase a través dunha identificación propia segundo as orientacións de contido da norma ISO 26000 e “SustainabilityAccounting Standards Board” (SASB). De esta identificación xurdiron 29 asuntos.

Asuntos económicos	Asuntos ambientais	Asuntos sociais
1. Desempeño económico.	7. Materiais	16. Liderado e bo goberno
2. Desempeño económico por estudante	8. Xestión da enerxía. Consumo enerxético dentro da USC	17. Relacións coas comunidades locais/Presenza na sociedade galega
3. Ratio PDI por estudante	9. Emisións de Gases de Efecto Invernadoiro	18. Satisfacción dos estudantes e usuarios
4. Prácticas de contratación pública	10. Calidade do ar (SOx, NOx, Partículas...)	19. Emprego
5. Posicionamento	11. Xestión da auga e augas residuais	20. Comunicación cos Grupos de Interese
6. Anticorrupción	12. Xestión dos residuos e dos materiais perigosos	21. Diversidade, inclusión e igualdade de oportunidades
	13. Cumprimento legal ambiental	22. Liberdade sindical
	14. Impactos na biodiversidade	23. Negociación colectiva
	15. Comportamento ambiental dos provedores	24. Non discriminación
		25. Avaliación social dos provedores
		26. Relacións laborais
		27. Saúde, seguridade e benestar dos traballadores
		28. Capacitación, desenvolvemento e formación
		29. Internacionalización

Táboa 3 Os asuntos propostos pola USC para a súa avaliación

A avaliación dos temas realizouse mediante a consulta ás partes interesadas internas. En concreto neste caso estes grupos de interese foron:

- Os distintos departamentos da USC
- Os órganos de goberno
- A través de Consello Social da USC consultouse aos grupos de interese externo; empresas, asociacións empresariais, sindicatos, colexios profesionais, provedores, etc.

Para a realización desta consulta elaborouse un inquérito no cal se debía devalorar por cada grupo de interese a importancia que estes asuntos tiñan para eles. Obtívose así una valoración de cada un dos asuntos avaliados. Para realizar a priorización dos

asuntos estes foron ordenados de maior a menor puntuación obtida e marcouse un límite a partir do cal o asunto se considerou material. Valoráronse tanto os aspectos negativos coma os positivos.

Cómpre subliñar que neste primeiro ano a resposta dos grupos de interese non foi todo o ampla que sería desexable. Por iso consideramos que un dos proxectos clave para mellorar a información sobre sustentabilidade da USC en futuras memorias ten que ser o establecemento dun **plan de acción de comunicación cos grupos de interese**.

Tras a análise feita, priorizamos a comunicación nesta memoria ao redor dos temas de maior impacto para a organización e maior importancia para os nosos grupos de interese. Estes 21 temas priorizados son os recollidos na seguinte táboa.

Asunto	Estándar
Comunicación cos grupos de interese	GRI2
Internacionalización	GRI2
Posicionamento	GRI2
Ratio PDI/estudiante	201
Desempeño económico	201
Desempeño económico €/estudiante	201
Prácticas de contratación pública	204
Anticorrupción	205
Consumo enerxético dentro da USC	302
Xestión da enerxía (aforros)	302
Xestión da auga e augas residuais	303
Emprego	401
Relacións laborais	402
Saúde, seguridade e benestar dos traballadores	403
Capacitación, desenvolvemento e formación	404
Diversidade, inclusión e igualdade de oportunidades	405
Non discriminación	406
Negociación colectiva	407
Liberdade sindical	407
Relacións coas comunidades locais/presenza na comunidade galega	413
Satisfacción dos estudantes e usuarios	416, 418

Táboa 5. Asuntos materiais tras a avaliación realizada e os estándares e contactos GRI relacionados.

Destes asuntos materiais consideramos como aspectos negativos aqueles que provocan impactos significativos no medio ambiente e sobre os que podemos e debemos actuar para reducir o seu impacto. Para a USC son aspectos negativos os seguintes:

- Os consumos de materiais
- A xestión da auga e augas residuais

- A calidade do aire
- A xestión de residuos

A xestión destes asuntos materias na USC faise desde unha perspectiva de debida dilixencia co fin de asegurar a identificación, a prevención e a mitigación ou eliminación dos impactos negativos reais e potenciais. ■



3

Sobre a elaboración da Memoria



Esta Memoria recolle a información sobre os asuntos económicos, sociais e ambientais materiais dos **cursos académicos 2020-2021 e 2021-2022 e os anos naturais 2021 e 2022** na Universidade de Santiago de Compostela. Para a realización desta Memoria contouse coa participación dos Órganos de Goberno da USC e dos grupos de interese da USC e recóllense as súas inquietudes, expectativas e necesidades relativas á sustentabilidade.

Esta memoria elaborouse de acordo cos Estándares GRI, dando cumprimento aos contidos e requirimentos establecidos neles e tendo en conta os principios básicos para a realización de informes de sustentabilidade, tal e como se recolle no **estándar GRI 1: Fundamentos 2021 de Global Reporting Initiative** . Estes principios son:

- **Precisión:** A información preséntase de forma precisa e co grao de detalle suficiente para que os grupos de interese poidan interpretalos adecuadamente e para que poidan así avaliar correctamente o desempeño da USC.
- **Equilibrio:** Os datos contidos nesta memoria presentan a realidade da USC sen prexuízos e sen omisións.
- **Claridade:** A pretensión da USC é presentar toda a información de forma facilmente comprensible, localizable e útil para os grupos de interese.
- **Comparabilidade:** Queremos que os grupos de interese poidan analizar e comparar de forma rápida e sinxela o desempeño da USC tanto temporalmente (ano a ano), fronte aos obxectivos marcados e cos comportamentos doutras organizacións, dos asuntos económicos, dos ambientais e dos sociais.
- **Contexto de sustentabilidade:** Toda a información achegada nesta memoria faise dentro dun contexto amplo de desenvolvemento sostible.
- **Verificabilidade:** A información presentada é obxecto de verificación externa, é dicir, por persoas e institución distintas ás que realizaron esta memoria. Desta forma queremos dar a confianza suficiente aos grupos de interese sobre os datos presentados.

- **Exhaustividade:** Na USC entendemos que debemos de asegurar que a información recollida nesta memoria é razoable e adecuada aos nosos impactos económicos, ambientais e sociais.

Os datos presentados na Memoria abarcan as seguintes dimensións:

- **Lista de temas materiais:** Os asuntos tratados na Memoria reflicten a realidade dos impactos económicos, sociais e ambientais e permiten que sexan coñecidos polos grupos de interese e poidan avalialos e opinar sobre eles.
- **Cobertura dos temas:** Nesta Memoria descríbese onde se producen os impactos para cada asunto material e a implicación da USC nestes impactos.
- **Tempo:** Achégase toda a información para o período de tempo indicado no informe. Cursos académicos 2020/2021 e 2021/2022, e os anos 2021 e 2022.

Así mesmo, preténdese dar resposta aos Principios do Pacto Mundial das Nacións Unidas e identifícanse os ODS nos que a USC participa. A relación entre cada un dos principios e ODS e os asuntos tratados na Memoria reflíctense no índice específico que se atopa no **Anexo de Índice de contidos**.

A USC asume os contidos establecidos nos estándares de **GRI**. Nesta Memoria dáse conta dos resultados obtidos pola USC en cada un dos contidos que tras o exercicio de materialidade feito resulten relevantes para a USC.

Asemade, e como un exercicio de transparencia, esta Memoria vai ser sometida a un proceso de verificación por parte de AENOR, entidade verificadora independente de recoñecido prestixio. Esta verificación garante que as informacións e datos incluídos nela son rastrexables e dan unha visión realista da situación da USC fronte á sustentabilidade.

Destacar a aposta pola excelencia na xestión integral, innovadora e sostible, tal e como se demostra nos recoñecementos e certificacións obtidas pola USC nos últimos anos:

- Ligazón aos Servizos con certificación: [Servizos con sistemas de xestión da calidade certificados | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)
- Certificado de conformidade co esquema nacional de seguridade [CERTIFICADO_ENS_USC.pdf](#) ■



4

A xestión das persoas



O compromiso da USC co seu persoal recóllese explicitamente no Código Ético da Institución. O benestar do persoal é un requisito indispensable para converter a USC nun referente no ámbito da formación universitaria e avanzar na eficacia da xestión e na mellora da calidade dos servizos que se ofrecen á sociedade. É por isto que o persoal, xunto co estudiantado, conforman os dous principais grupos de interese da USC.

Para lograr os obxectivos, a USC desenvolve políticas dirixidas a mellorar o benestar e a satisfacción do persoal, fundamentadas no respecto á legalidade vixente nos ámbitos de selección, formación, reco-

ñecemento, beneficios sociais, conciliación da vida familiar e laboral e de igualdade de oportunidades, saúde e seguridade no traballo, entre outros.

4.1 PERFIL DO PERSOAL DA USC

Nas táboas seguintes analízase cada colectivo de traballadores da USC, tendo en conta a súa relación contractual (funcionario, ou temporal), ou tipo de contrato (tempo completo ou tempo parcial) segregadas por xénero.

Persoal	2021			2022		
	♀	♂	Total	♀	♂	Total
PDI	914	1207	2121	944	1208	2152
%	43%	57%	100%	44%	56%	100%
PAS	704	524	1228	699	515	1214
%	57%	43%	100%	58%	42%	100%
TOTAL	1618	1731	3349	1643	1723	3366
%	48%	52%	100%	49%	51%	100%

Táboa 6 Cadro de persoal da USC desagregado por xénero e categoría laboral

Persoal	2021			2022		
	♀	♂	Total	♀	♂	Total
PDI (permanente)	596	779	1375	595	756	1351
%	43%	57%	100%	44%	56%	100%
PDI (temporal)	318	428	746	349	452	801
%	43%	57%	100%	44%	56%	100%
TOTAL	914	1207	2121	944	1208	2152
% PDI funcionarios	65%	65%	65%	63%	63%	63%

Táboa 7 Persoal PDI en función da relación laboral (permanente ou temporal) e xénero

Persoal	2021			2022		
	♀	♂	Total	♀	♂	Total
PAS (permanente)	438	347	785	424	335	759
%	56%	44%	100%	56%	44%	100%
PAS (temporal)	266	177	443	275	180	455
%	60%	40%	100%	60%	40%	100%
TOTAL	704	524	1228	699	515	1214
% PAS funcionarios	62%	66%	64%	61%	65%	63%

Táboa 8 Persoal PAS en función da relación laboral (permanente ou temporal) e xénero

Persoal	2021			2022		
	♀	♂	Total	♀	♂	Total
A tempo completo	710	859	1569	730	867	1597
%	45%	55%	100%	46%	54%	100%
A tempo parcial	204	348	552	214	341	555
%	37%	63%	100%	39%	61%	100%

Táboa 9 Persoal PDI en función do tipo de contrato laboral (xornada completa ou parcial) e xénero

Persoal	2021			2022		
	♀	♂	Total	♀	♂	Total
A tempo completo	679	506	1185	683	503	1186
%	57%	43%	100%	58%	42%	100%
A tempo parcial	25	18	43	16	12	28
%	58%	42%	100%	57%	43%	100%

Táboa 10 Persoal PAS en función do tipo de contrato laboral (xornada completa ou parcial) e xénero

Persoal	IDADE	2021			2022		
		♀	♂	Total	♀	♂	Total
PDI	< 35	51	34	85	66	54	120
	35-50	284	290	574	287	291	578
	<50	579	883	1462	591	863	1454
PAS	>35	16	6	22	12	6	18
	35-50	251	178	429	243	168	411
	>50	437	340	777	444	341	785

Táboa 11 Cadro de persoal desagregado grupos de idade e xénero

4.3 PERSOAL DE NOVA CONTRATACIÓN E RENOVACIÓN DO PERSOAL

O seguinte cadro recolle o número de persoas que estiveron contratadas nalgún momento (polo menos un día) nos anos 2021 e 2022. Este dato tómase cada 31 de decembro, polo que é un dato puntual e non recolle as contratacións ao longo do ano. Tamén se recolle cantas desas contratacións son novas, é dicir, persoal que non estivo contratado no ano anterior, a taxa de renovación por categoría laboral.



Persoal	2021			2022		
	Total efectivos ao longo do ano	Novos efectivos	Taxa renovación	Total efectivos ao longo do ano	Novos efectivos	Taxa renovación
PDI	2223	129	6%	2298	164	7%
PAS	1291	69	5%	1291	62	5%

Táboa 12 Cadro de persoal de nova incorporación e taxa de renovación

4.4 AVALIACIÓN PERIÓDICAS DO DESEMPEÑO DO PERSOAL DA USC

O 100 % do PDI é avaliado anualmente, mentres que para o Persoal de Administración e Servizos está en proceso de desenvolvemento o sistema de avaliación do desempeño. Polo tanto, a porcentaxe de empregados que son avaliados coincide coa porcentaxe de empregados que pertencen ao colectivo de PDI.

Cada curso académico publícase un “Informe sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida”²⁵.

Nel expóñense os resultados das enquisas de satisfacción realizadas cada curso.

Na táboa seguinte pódense ver os resultados das enquisas de satisfacción realizadas polo alumnado nos cursos 2020-2021 e 2021-2022

Estas enquisas fanse de maneira telemática a través dunha aplicación informática. O alumnado accede a esta aplicación a través da secretaria virtual, de maneira que está garantido o absoluto anonimato das opinións expresadas.

	2020-2021	2021-2022
Porcentaxe de participación de estudantes	35,67%	27,42%
Porcentaxe de materias valoradas	100%	100%
Porcentaxe de persoal docente valorado	91,50%	88,90%
Valoración media global. Titulacións de grao ^a	4,00	4,06
Valoración media global. Titulacións de master ^a	4,09	4,19

Táboa 13 Resultados xerais das enquisas de satisfacción do alumnado coa docencia recibida

^a A valoración faise sobre un rango de valoración entre 1 e 5

4.5 FORMACIÓN DO PERSOAL DA USC

A USC facilita os coñecementos e competencias do seu persoal desenvolvendo un plan de formación no que se contemplan actividades formativas que abarcan tanto as melloras nas actividades docentes como os coñecementos en relación coa responsabilidade social corporativa, a igualdade de xénero, a ética e o coidado do medio ambiente.

A USC dispón do **Centro de Formación de Persoal** o cal ten como misión planificar, deseñar, executar e avaliar políticas formativas destinadas ao persoal da USC (PAS, PDI e PI) que estean aliñadas cos obxectivos e liñas estratéxicas aprobadas pola USC, que respondan ás necesidades formativas detectadas e que se orienten ao desenvolvemento profesional, como peza esencial para o cambio e a mellora da docencia, da investigación, da xestión e dos servizos que presta a USC²⁶.

²⁵ Os informes “Informe sobre a satisfacción do alumnado coa docencia recibida” pódense consultar na súa totalidade nas seguintes ligazóns: <https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/es/servizos/calidade/descargas/Informe-de-valoracion-docente-global-2020-2021.pdf>, <https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/es/servizos/calidade/descargas/Informe-de-valoracion-docente-global-2021-2022.pdf>

²⁶ Toda a información sobre os plans de formación anuais pódense consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/centro-formacion-persoal>

Oferta os programas formativos para o persoal e mais a formación en idiomas do Centro de Linguas Modernas; impulsa a posta en marcha de proxectos innovadores que contribúan á mellora da docencia, da xestión e dos servizos universitarios, así como o seu recoñecemento efectivo, e dá apoio ao uso do Campus Virtual e doutras tecnoloxías para a docencia (antigo Centro de Tecnoloxías para a Aprendizaxe -CeTA-).

Na táboa seguinte pódense ver os datos das horas de formación ofertadas por cada categoría profesional.



Persoal	Curso 2020/2021			Curso 2021/2022		
	Horas totais ofertadas	Empregados	Media horas/ empregados	Horas totais ofertadas	Empregados	Media horas/ empregados
PDI	1.396	2.121	0,66	1.224	2.152	0,57
PAS	955	1.228	0,78	1.177	1.214	0,97
Totais	2.351	3.349	0,70	2.401	3.366	0,71

Táboa 14 Horas, ofertas e títulos de asistencia e aptitude expedidos nos cursos 2020/2021 e 2021/2022

4.6 COMPENSACIÓN E BENEFICIOS OFRECIDOS POLA USC AOS SEUS EMPREGADOS

A compensación salarial dos traballadores da USC vén marcada polo establecido na lexislación vixente, en concreto *no convenio colectivo para o persoal laboral (PAS) da USC aprobado mediante a resolución do 17 de novembro de 2018 da Dirección Xeral de Relacións Laborais*²⁷ e o *Convenio Colectivo para o Persoal Docente e Investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo*.

A USC ademais ofrece aos seus empregados beneficios sociais que van máis alá dos establecidos pola administración. Estes beneficios comprenden:

- Anticipos reintegrables ao PAS e PDI
- Matrícula gratuíta a fillos do PAS e PDI
- Escola Infantil no Campus de Santiago para PAS e PDI, persoal investigador e estudantes
- Centro de Linguas Modernas. Cursos de idiomas con matrículas gratuítas para o PAS e PDI
- Intercambio de vacacións (só PAS)
- Póliza de seguro de vida PAS e PDI
- Plans de xubilación PAS e PDI
- Plan de pensións PAS e PDI

Na USC garántese o cumprimento da lexislación en canto aos períodos de aviso mínimo dos cambios operacionais que se poidan producir. Cumprimos en todo momento coa lexislación vixente²⁸.

Tanto no colectivo do PAS como do PDI hai tanto persoal laboral como funcionario. O funcionario réxese principalmente polo Real decreto lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

No ámbito do persoal laboral, para o profesorado é de aplicación o II Convenio Colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo²⁹ e para o PAS o Convenio Colectivo para o persoal laboral da Universidade de Santiago de Compostela³⁰.

4.7 PERSOAL EXTERNO DA USC

Recollemos neste apartado os traballadores que realizan traballos para USC pero que non son empregados dela e sobre os que a institución ten control ao longo dos anos 2021 e 2022. O número destes traballadores nos anos 2021 e 2022 foron 332 e 330 respectivamente. O principal provedor de servizos foi a **Fundación USC**, a cal fai a limpeza das instalacións da USC, aportando 259 e 257 traballadores nos anos 2021 e 2022 respectivamente. É importante tamén a aportación da empresa de **ILUNION** que se dedica á seguridade nas instalacións. A súa aportación de traballadores é de 50 en cada un dos anos 2021 e 2022. O resto de empresas que fan servizos para a USC achegan 21 traballadores cada ano para actividades como: mantemento de instalacións, xardinería, e mantemento de equipos contra incendios.

²⁵ A lexislación aplicable na USC en materia de persoal recóllese nas seguintes URL:

□ Para profesorado: <https://www.usc.gal/gl/normativa/profesorado/index.html>

□ Para persoal de administración e servizos: <https://www.usc.gal/gl/normativa/pas/index.html>

²⁹ <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/IIconperdocinviabunioruusccevigopdf>

³⁰ <https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Convenio-colectivo-para-o-persoal-laboral-da-USC.pdf>

³¹ Pódese atopar o III Plan de Igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da USC nas seguintes ligazóns

[Igualdade | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

[Plan de Igualdade de Oportunidades | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](#)

4.8 IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

O compromiso da USC coa igualdade de xénero enmárcase explicitamente dentro da política de sustentabilidade da USC. Na USC temos claro que un dos retos máis importantes que se deben abordar é o da igualdade de xénero. É por iso que se aprobou no ano 2021 o **III Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres da USC. 2021-2024**³¹. Este plan ten en conta 6 áreas prioritarias de actuación:

- Cultura institucional
- Docencia, investigación e transferencia
- Presenza, promoción e representación
- Conciliación responsable
- Acoso e violencia de xénero
- Condicións socio-sanitarias no traballo

Establécense tamén 9 obxectivos xerais, 21 específicos e 85 accións, cada unha asociada a indicadores que permiten avaliar a súa implementación, servindo, ao tempo, de guía para adoptar decisións que optimicen o seu desenvolvemento.

Para a realización desta 3ª edición do Plan de Igualdade, partíuse da análise dos resultados da 2ª edición, así como da actualización do diagnóstico sobre a igualdade na USC, que levou a unha análise cuantitativa e cualitativa da situación de mulleres e homes na Universidade comparando cos datos de 2014-20 tendo en conta as 6 áreas de actuación do Plan.

²⁸ O Convenio Colectivo para o PAS laboral da USC pódese consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.es/comitepas/normativa.php>

4.9 CONCILIACIÓN FAMILIAR³²

No marco da súa política de responsabilidade social, a USC mantén un firme compromiso coa igualdade de xénero, e favorece medidas de conciliación familiar.

O fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar permite unha distribución máis igualitaria entre os roles masculino e feminino nas actividades propias da Universidade. Entre as súas iniciativas neste ámbito destacan:

- A Escola Infantil Breogán, en funcionamento desde 1979
- O Verán Campus USC, organizado pola Fundación USC, cun programa de actividades deportivas e de lecer para nenos e nenas de 4 a 17 anos, durante as derradeiras semanas de xuño, o mes de xullo e comezos de setembro
- A concesión de Cheques bebé no Campus de Lugo, xa que a USC non dispón de escola infantil neste campus

O persoal de USC que se acolleu ao permiso maternal/paternal ao longo dos anos 2021 e 2022 recóllese na seguinte táboa.

2021			2022		
♀	♂	Total	♀	♂	Total
53	59	112	64	38	102

Táboa 15 Persoal da USC que se acolleu ao permiso maternal/paternal por xénero

O 100 % do persoal que se acolleu ao permiso de paternidade ou maternidade retornou ao traballo á finalización deste e seguen sendo traballadores da USC.

4.10 NON DISCRIMINACIÓN

O dereito á igualdade de oportunidades e á non discriminación por motivos de sexo, raza, relixión ou discapacidade ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, está amparado na Constitución e a USC debe de velar polo seu cumprimento. Por iso na USC aprobáronse os seguintes protocolos:

- O Protocolo de actuación para os cambios de nome e de mención relativa ao sexo das persoas transexuais, transxénero e intersexuais na USC³³.
- O Protocolo de prevención e actuación fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo, orientación sexual e identidade de xénero³⁴.

4.11 SEGURIDADE E SAÚDE DOS TRABALLADORES

Na USC consideramos que o activo máis importante que temos son as persoas que forman parte dela e realizamos actuacións co obxectivo de garantirmos o seu benestar e a realización das súas tarefas dentro da contorna máis segura posible.

Na USC creouse o **Servizo de Prevención de Riscos** o cal promove a saúde e seguridade dos traballadores da USC e para iso diseña, aplica e coordina os plans e programas de actuación preventiva, avalía os factores de risco que poidan afectar á seguridade e á saúde do persoal, e promove a información e implicación de todos na cultura preventiva.

A identificación e avaliación dos riscos faise de acordo ao procedemento de **avaliación de riscos e im-**

plantación das medidas de control³⁵; o cal ten por obxecto establecermos a sistemática para realizar a identificación e avaliación de riscos laborais, co fin de obtermos a información necesaria para a adopción e implantación das medidas de prevención e protección máis axeitadas para eliminación e control dos riscos.

Na páxina web da USC pódese consultar o **Manual de prevención de riscos psicosociais no traballo**³⁶(COPSOQGal21). Este Manual é un instrumento de avaliación orientado á prevención e identifica os riscos ao nivel de menor complexidade conceptual posible, facilita a localización dos problemas e o deseño de solucións axeitadas e achega valores po-boacionais de referencia que representan un obxectivo de exposición razoablemente asumible a curto prazo polas empresas.

De cada unha das avaliacións realizadas faise un **informe de avaliación**³⁷ no que se dá información dos distintos lugares de traballo, a totalidade de postos existentes, os riscos identificados en cada un deles, a súa valoración e unha proposta de medidas de con-

trol que se deben aplicar e responsabilidade da súa execución.

4.11.1 Xestión de accidentes

O servizo de prevención de riscos ten un procedemento de **Xestión de Accidentes**³⁸ no cal se establece a sistemática para a notificación, investigación, rexistro e control estatístico de accidentes de traballo e enfermidades profesionais, así como a aplicación das medidas correctoras que impidan a súa repetición.

Neste procedemento márcanse as pautas para realizar as notificación de accidentes, a notificación oficial de accidentes e enfermidades profesionais, a investigación de accidentes e enfermidades profesionais e a participación e consulta dos traballadores.

Na seguintes táboas recóllese os datos máis salientables en relación aos accidentes, ás baixas por xénero, tipos de lesións ao longo dos anos 2021 e 2022.

	2021	2022
	Nº de accidentes	Nº de accidentes
Accidentes in itinere e incidentes comunicados (con baixa e sen baixa)	8	16
Accidentes no posto de traballo	35	45
Accidentes no desprazamento	0	0
Enfermidades profesionais	1 ^a	0
TOTAL	43	61
Accidentes con baixa	9	16
Accidentes sen baixa	26	26

Táboa 16 Datos dos accidentes laborais e enfermidades profesionais nos anos 2021 e 2022

^a En estudo

³² A información relativa a Conciliación familiar pódese consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/es/investigar-en-la-usc/hrs4r/guia-investigar-usc/conciliacion-familiar>

³³ O protocolo pódese consultar en <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/igualdade/cultura-institucional/protocolos-igualdade>

³⁴ O protocolo pódese consultar en <https://www.usc.gal/gl/servizos/area/igualdade/acoso-violencia/protocolo-prevencion-actuacion-frente-acoso>

³⁵ Pódese consultar este documento na seguinte ligazón: <https://www.usc.es/estaticos/servizos/sprl/PPR-01.pdf>

³⁶ Este manual pódese consultar na seguinte ligazón: https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/sprl/descargas/Manual_COPSOQGal21_v1_o.pdf

³⁷ Informes que se poden consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.es/gl/servizos/sprl/avaliacion/index.html>

³⁸ Pódese consultar este documento na seguinte ligazón: <https://www.usc.es/estaticos/servizos/sprl/PPR-01.pdf>

	2021		2022	
	♀	♂	♀	♂
Accidentes en xornada	4	1	8	5
Accidentes in itinere	4	0	3	0
Enfermidades profesionais	0	1 ^a	0	0
TOTAL	8	1	11	5

^a En estudo

Táboa 17 Baixas por xénero nos anos 2021 e 2022

	2021		2022	
	Con baixa	Sen baixa	Con baixa	Sen baixa
Feridas e lesións superficiais	2	14	4	16
Fracturas de ósos	0	0	2	0
Dislocacións, escordaduras e distensións	3	10	6	6
Queimaduras, escaldaduras e conxelacións	0	2	0	2
Envenenamentos e infeccións	0	0	1	2
TOTAL	5	26	13	26

Táboa 18 Accidentes de traballo segundo a descrición das lesións nos anos 2021 e 2022

Índices	2021	2022	Índices de referencia Ministerio
Accidentes en xornada de traballo con baixa ^a	8	16	491,8
Accidentes en desprazamento	35	45	Non hai
Accidentes in itinere ^b	0	0	Non hai
Enfermidades profesionais	1 ^a	0	21,8
Frecuencia de accidentes en xornada de traballo ^b	43	61	4,1
Gravidade dos accidentes en xornada de traballo ^c	9	16	0,15

Táboa 19 Taxas de incidencia nos anos 2021 e 2022

^a (nº accidentes con baixa / nº traballadores) x 100.000 para cada tipoloxía

^b (Nº accidentes en xornada de traballo con baixa / (nº traballadores x horas traballadas no período)) x 1.000.000

^c (Días de accidentes en xornada, iniciados en período / (nº traballadores x horas traballadas no período)) x 1.000

A fonte dos datos expostos son as **Memorias do Servizo de Prevención de Riscos dos anos 2021 e 2022**.

Estes datos veñen á súa vez remitidos por Mutua Universal (a mutua que presta servizo para a USC).

4.11.2 Vixilancia da saúde

A USC dispón dun Servizo de **Vixilancia da Saúde**³⁹, o cal coordina e impulsa accións de vixilancia da saúde (campañas informativas e de sensibilización), realiza os recoñecementos médicos de empresa e o seu seguimento e control coas probas analíticas precisas. Atende ademais consultas por enfermidade común ou consultas urxentes dos traballadores da USC, ademais de prestar primeiros auxilios.

Creouse o **Espazo web**⁴⁰ para este servizo no cal os traballadores dispoñen dos distintos formularios para os trámites relacionados coa vixilancia da saúde:

- Recoñecemento xeral
- Notificación de accidentes
- Solicitud de embarazo
- Solicitud de caixas de urxencia

4.11.3 Participación dos traballadores

A participación dos traballadores faise segundo o procedemento de **avaliación de riscos e implantación das medidas de control**. Dispoñemos de rexistros de comunicación os delegados de: accidentes, comunicacións de riscos, mantementos de plans de autoprotección, etc.

Igualmente os comunicados son informacións de risco por parte dos traballadores, e o SPR mantén rexistro das comunicacións e das actuacións feitas.

Na USC existe un plan de formación relativo sobre a prevención de riscos. Os cursos impartidos tratan os seguintes temas:

- Plan xeral de prevención de riscos
- Primeiros auxilios para equipos de emerxencia
- Situación de emerxencia para equipos de emerxencia

Na seguinte táboa pódense ver tanto as horas impartidas como os asistentes dos anos 2021 e 2022.

Cursos	2021		2022	
	Horas totais impartidas	Asistentes	Horas totais impartidas	Asistentes
Plan xeral	72	441	1208	120
Primeiros auxilios para equipos de emerxencia	12	425	6	354
Situacións de emerxencia para equipos de emerxencia	50	1116	35	771

Táboa 20 Horas de formación impartidas en prevención e asistentes aos cursos nos anos 2021 e 2022

³⁹ A información deste Servizo pódese ver na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/servizos/unidades/servizo-vixilancia-saude>

⁴⁰ Pódese entrar neste espazo a través desta ligazón: [Presentación - Servizo de Vixilancia da Saúde - USC](#)

4.11.4 Promoción da saúde no traballo

Enténdese por **promoción da saúde no traballo (PST)** “xuntar esforzos (empresarios, traballadores/ras e sociedade) para mellorar a saúde e o benestar das persoas no lugar de traballo”. Isto pode conseguirse mellorando a organización e as condicións de traballo, promovendo a participación activa e fomentando o desenvolvemento individual.

O Instituto Nacional de Seguridade e Hixiene no Traballo (INSHT) puxo en marcha o proxecto de “**empresas saudables**” para recoñecer o traballo das empresas no ámbito da mellora da saúde e benestar do seu persoal e promover a cultura da saúde e o intercambio de experiencias empresariais. Ser una empresa saudable significa: cumprimento legal en prevención de riscos laborais, xestión da saúde do persoal dende un enfoque integral e integrado e considerar a saúde en todas as políticas da empresa.

Os estudos realizados en diferentes países demostran que os programas de PST reducen os custos directos asociados á asistencia sanitaria, pero tamén o absentismo por enfermidade e a sinistralidade laboral. A PST mellora a saúde e o benestar dos traballadores/ras e consegue unhas condicións de traballo máis seguras e saudables.

Aínda que a USC non está a día de hoxe formalmente rexistrada no proxecto do INSHT de “empresas saudables”, puxo a disposición do seu persoal, por medio do Servizo de Vixilancia da Saúde, accións voluntarias de promoción da saúde no traballo que van máis alá do mero cumprimento da legalidade vixente e que poden encadrarse dentro das recoñecidas polo INSHT como boas prácticas na promoción da saúde no traballo.

Durante todo o ano facemos as seguintes campañas de prevención⁴¹:

- Prevención de riscos cardiovasculares

- Prevención do estrés
- Diagnóstico precoz do glaucoma
- Detección precoz do acoso laboral
- Prevención do alcoholismo e outras toxicomanías
- Prevención do tabaquismo
- Prevención e diagnóstico precoz da hipertensión arterial
- Prevención da obesidade (control de peso e de perímetro abdominal)
- Prevención de lesións músculo-esqueléticas no lombo
- Detección de ollo seco
- Prevención /diagnóstico precoz do cancro de:
 - Colon mediante a determinación de sangue nas feces (test inmunocromatográfico que detecta inmunoglobulina humana: Hem-Check-2)
 - Mama mediante a palpación mamaria dos traballadores (homes ou mulleres)
 - Próstata mediante a determinación do PSA e tacto rectal, cando é preciso, dos traballadores (homes)
- Prevención de accidentes laborais mediante a impartición de cursos específicos para a concienciación e implicación activa dos traballadores na prevención destes
- Prevención de enfermidades infecto-contaxiosas/Campañas de vacinacións

4.12 PRIVACIDADE DOS USUARIOS E USUARIAS

A USC posúe o certificado de conformidade co Esquema Nacional de Seguridade (período de vixencia 2022-2024)⁴². O ENS está constituído polos principios básicos e requisitos mínimos necesarios para

unha protección adecuada da información tratada e os servizos prestados, co obxecto de asegurar o acceso, a confidencialidade, a integridade, a rastrexabilidade, a autenticidade, a conservación dos datos, a información e os servizos utilizados por medios electrónicos que xestionen as administracións no exercicio das súas competencias.

A devandita acreditación abrangue os sistemas de información que dan soporte aos servizos de Xestión Académica, Xestión de Persoal, Sede Electrónica, Calidade, Deportes e Docencia Virtual da Universidade de Santiago de Compostela. Ademais, enmárcase dentro dun obxectivo estratéxico que a USC propuxo na programación plurianual desta institución para os anos 2019-2022 na liña relativa ao impulso dun sistema de xestión da seguridade da información e da protección de datos. Entre outras accións, esta certificación implicou o deseño e implantación, co apoio da empresa Telefónica, dun Sistema de Xestión de Seguridade da Información, o desenvolvemento dun plan de tratamento de riscos e a elaboración doutro en materia de formación e concienciación para toda a USC, todo isto baixo a dirección do Comité de Seguridade da Información da USC. ■




⁴¹ Toda a información destas campañas pódense consultar na seguinte ligazón: <https://www.usc.gal/gl/servizos/sprl/svsaude/campanas.html>

⁴² [Certificados \(cni.es\)](https://www.cni.es)

5

Ecología interna



N a USC somos conscientes de que non é posible o desenvolvemento sostible sen unha conciencia ecolóxica colectiva, que permita ter un desenvolvemento que ademais asegure a conservación da natureza e dos recursos naturais.

É por iso que dentro do Plan de Desenvolvemento Sostible da USC contéplanse accións orientadas á xestión dos principais impactos ambientais identificados e considerados materiais.

O PDS foi aprobado pola USC no ano 2003 e o marco de referencia estratéxico que consta de 3 eixos fundamentais:

- Xeración do coñecemento e educación ambiental
- Planificación, xestión e avaliación ambiental
- Divulgación, participación e sensibilización

A aprobación no ano 2015 da Axenda 2030 reforza a nova orientación do PDS que pretende incorporar á dimensión ambiental, a xustiza e a equidade social. O impacto da universidade na súa contorna implica un exercicio de responsabilidade na súa xestión e na coherencia das políticas implementadas, así como a xeración de alianzas que faciliten un modelo sostible baseado nunha conciencia ecolóxica e social responsable.

5.1 A XESTIÓN DA ENERXÍA

A área de infraestruturas encárgase da xestión do medio ambiente e da mellora dos sistemas de control de subministración eléctrica.

Parte da enerxía eléctrica e calorífica consumida pola USC é xerada por un sistema de coxeración situado no Campus de Santiago de Compostela. Esta enerxía utilízase para auga quente sanitaria, calefacción e a demanda eléctrica ordinaria.

No ano 2016 finalizouse o **Proxecto Opere** o cal permite dispor dun sistema de xestión eficiente das redes enerxéticas da USC naqueles complexos con grandes consumos enerxéticos, permitindo así a diminución dos consumos enerxéticos. Dispor deste sistema de coxeración supón evitar o consumo de combustibles como gasóleo e gas natural, e unha menor demanda de electricidade importada, co conseguinte aforro económico, pero tamén de emisión de gases de efecto invernadoiro e outros gases contaminantes.

Nas seguintes táboas preséntanse os datos dos consumos enerxéticos dos Campus de Santiago e Lugo nos anos 2021 e 2022. Nelas téñense en conta os consumos dos diversos tipo de enerxía e os aforros que supoñen de gasóleo e gas natural a autoxeración de enerxía polo sistema de coxeración.

Nas seguintes táboas recóllense os datos de consumo e rendementos enerxéticos da USC nos anos 2021 e 2022.

Enerxía	2021			2022		
	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total USC	Campus de Santiago	Campus de Lugo	Total USC
Electricidade (kWh)	17.485.413	4.153.904	21.639.317	18.278.071	4.343.653	22.621.724
Gas natural co xeneración (kWh)	12.265.204	-	12.265.204	7.886.549	-	7.886.549
Gas natural caldeiras (kWh)	23.517.489	6.442.314	29.959.803	16.395.295	5.332.877	21.728.172
Gasóleo (kWh)	6.790.695	1.364.871	8.155.566	4.471.493	974.410	5.445.903
TOTAL (kWh)	60.058.801	11.961.089	71.019.890	47.031.408	10.650.940	57.682.348

Táboa 21 Distribución modal da enerxía consumida

Enerxías	2021	2022
	%	%
Electricidade. Mix eléctrico	30	39
Gas natural	59	52
Gasóleo	11	9

Táboa 22 Porcentaxe distribución modal da enerxía consumida

Enerxías	2021	2022
Electricidade xerada (kWh)	3.098.302	1.493.078
Enerxía eléctrica xerada e consumida pola USC (kWh)	1.911.159	581.840
Enerxía eléctrica xerada e consumida pola USC (kWh)	14,3	6,6
Enerxía excedente vendida (kWh)	1.186.443	911.238
Aproveitamento da coxeración en enerxía calorífica (kWh de gasóleo)	2.462.099	690.171

Táboa 23 Datos da coxeración

Combustibles	2021	2022
Gas natural (kWh)	29.959.803	20.323.366
Gasóleo ⁴² (kWh)	8.155.566	5.445.903

Táboa 24 Consumo de combustible fósiles

5.2 PRINCIPAIS ACTUACIÓNS EN MATERIA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA

O Plan de Infraestruturas da USC ten como unha das súas liñas prioritarias a mellora da eficiencia enerxética das instalacións da institución, tanto no que se refire ao aforro pola redución do consumo de enerxía como pola redución do impacto medioambiental da súa actividade. Neste campo ten investido en medidas pasivas de mellora da envolvente dos edificios como activas, que inciden na produción de calor ou luz ou na xestión das instalacións produtoras.

En 2021 saneáronse as fachadas e renovouse a carpintería da sede da Facultade de Medicina e Odontoloxía, así como a envolvente dos colexios de Fonseca e San Xerome e as carpinterías da residencia universitaria Bal e Gay. No ámbito das medidas para mellorar a eficiencia activa, renovouse parcialmente o sistema de climatización do edificio de Odontoloxía, as caldeiras de calefacción de Medicina e Odontoloxía e o sistema de climatización das aulas principais de Matemáticas. Estas actuacións supuxeron licitacións en 2021 por valor de 5.480.089,81€.

Durante o ano 2022 renovouse os sistema de climatización e ventilación das aulas principais da Facultade

⁴² 1 litro de gasóleo supón 10,96 kWh. Fonte SIMAPRO

de Veterinaria, substituíronse as carpinterías do colexio maior San Clemente e, parcialmente, do edificio Vivendas dos Funcionarios e redactáronse proxectos de renovación integral das envolventes das Facultade de Ciencias Políticas e Sociais, Física e Relacións Laborais, así como da residencia universitaria Monte da Condesa. Estas actuacións licitáronse por valor de 1.313.723,61 €. En setembro de 2022 aprobouse o Plan de Estratexia Enerxética da USC, que inclúe medidas técnicas e organizativas para a diminución do consumo de enerxía e o aumento da eficiencia. O Plan inclúe medidas a curto, medio e longo prazo, que comezaron a aplicarse no último trimestre de 2022. Como consecuencia da aplicación das medidas a curto prazo, as únicas que puideron poñerse en marcha entre outubro e decembro de 2022, reduciuse notablemente o consumo de enerxía producida con electricidade, gas e gasóleo nese trimestre.

5.3 AS EMISIÓNS DE GEI A ATMOSFERA

Derivado do consumo enerxético necesario para realizar as actividades ordinarias da USC, prodúcese a emisión de Gases de Efecto Invernadoiro (GEI). A emisión destes gases contribúe de forma directa no cambio climático, é por iso que na USC levamos calculando a nosapegada de carbono dende o ano 2003. Para estimar este indicador téñense en conta os seguintes premisas:

- Os gases incluídos no cálculo son: CO₂, CH₄ e N₂O

Emisión de GEI	2021	2022
Emisións de GEI directas (tCO ₂ -eq) (alcance 1)	2.582,97	1.418,36
Emisións de GEI indirectas (tCO ₂ -eq) (alcance 2)	6.948,84	7.264,31
Total Emisións GEI (tCO₂-eq) (alcances 1+2)	9.531,81	8.682,67

Táboa 25 Emisións de GEI da USC de alcance 1 e 2

- Dase información das emisións directas de alcance 1; que son aquelas que se xeran pola actividade diaria da USC nas instalacións fixas (caldeiras de gas natural e gasóleo e o gas natural das instalacións de coxeración). A USC ten o control directo sobre elas.
- Non se tiveron en conta as emisións directas de alcance 1 debidas ás fugas de gases refrixerantes dos equipos de frío en ar acondicionado. Non foron significativas no período analizado nesta memoria.
- Achégase información das emisións indirectas de alcance 2 por importación de enerxía eléctrica; son aquelas que se xeran nos centros de produción eléctrica das empresas distribuidoras de enerxías. Sobre estas emisións a USC non ten control.
- Inclúense aquí os consumos eléctricos dos equipos de refrixeración, iluminación, calefacción e equipos necesarios para a realización das actividades docentes. Inclúese a actividade da planta de coxeración cuxo exceso de enerxía eléctrico se verteá rede.
- Tómase como ano base o ano 2017, último no que se fixo o cálculo das emisións de GEI Tamén se fixo no ano 2020 pero este ano debido a pandemia por COVID non o consideramos un ano con datos fiables para facermos comparativas xa que a USC estivo 4 meses pechada.

Na táboa que se presentan a continuación analízanse as emisións de GEI da USC nos anos 2021 e 2022

Os datos para o cálculo das emisións de GEI foron aportados pola unidades de **enerxía e Sustentabilidade da USC**. Para o cálculo utilizouse a ferramenta informática Simapro 9.0, principal ferramenta utilizada pola comunidade internacional e con acceso ás principais bases de datos (Ecoinvent, ELCD, etc.) e modelos de **impacto (CML, Impact 2002+, etc.)**. Úsase Ecoinvent v 3.8, derradeira actualización dispoñible, asegurando así o uso dos datos máis actualizados referentes á produción de enerxía e materiais, transporte, tratamentos de fin de vida, etc., repercutindo de maneira favorable na calidade dos resultados obtidos.

En canto a outras emisións indirectas, as denominadas de alcance 3, non se dispuxo dos datos que permitisen o cálculo do dato. Para o cálculo das emisións totais, é dicir, a suma dos alcances 1, 2 e 3, tense en conta que no ano 2017 as emisións correspondentes enerxía supoñían un 70 % aproximadamente do total das emisións. Ao non ter información das fontes de emisión indirectas que non están baixo control da USC, fíxose a estimación de que o 70% do total das emisións cumprise nos anos 2021 e 2022, polo que para calcular a emisión total multiplicouse o total das emisións por enerxía por 1,35.

Combustibles	2021	2022
Emisións totais estimadas de GEI (tCO₂-eq) (alcance 1+2)	12.391,94	11.287,00

Táboa 26 Estimación das emisións de GEI totais da USC nos anos 2021 e 2022

5.4 INTENSIDADE DAS EMISIÓNS

É importante coñecermos o indicador de intensidade das emisións de GEI, xa que desta forma podemos saber se estamos a actuar no sentido de diminuír as nosas emisións de GEI ano a ano. O que se fixo é relativizar as emisións de GEI fronte a dous indicadores:

- O número de alumnos en cada curso.
- Número total de traballadores.

Emisións	2021	2022
Emisións de GEI por estudante (tCO₂-eq/estudante)	0,50	0,47
Emisións de GEI por nº de traballadores (tCO₂-eq/traballador)	3,70	4,98

Táboa 27 Intensidade das emisións de GEI

5.4 A XESTIÓN DA AUGA

Os campus de Lugo e Santiago obteñen o 100% da súa auga de consumo das redes de abastecemento dos correspondentes concellos. Os centros da USC atópanse en zonas con estrés hídrico baixo.

Combustibles	2021	2022
Santiago (m³)	97.522	103.744
Lugo (m³)	10.232	13.753
TOTAL USC	107.754	117.479

Táboa 28 Consumo de auga na USC

A vertedura das augas residuais dos centros da USC é realizada polos servizos de depuración dos concellos de Lugo e Santiago de Compostela polo que non hai nin reciclaxe nin reutilización de auga.

A USC planifica anualmente accións de información e sensibilización para conseguir un uso racional da auga na institución.

5.6 A XESTIÓN DOS RESIDUOS

A USC está a adoptar melloras para minimizar a xeración tanto de residuos perigosos como non perigosos. Para iso organiza campañas de sensibilización conducentes a minimización na orixe, na reutilización e na reciclaxe dos residuos. Tamén se conta coa colaboración dos concellos de Santiago e Lugo os cales poñen a disposición da USC contedores de residuos non perigosos ao longo dos seus campus. Neles pódese recoller papel e cartón, vidro, residuos orgánicos, plásticos, roupa ou pilas.

Así mesmo, desenvóléronse procedementos e instrucións internas de xestión dos residuos co fin de

asegurar que todo o persoal relacionado coas operacións de xestión; segregación, recollida, almacenamento e traslado dos residuos, coñezan como realízalas e cales son os documentos e rexistros que se debe de cubrir para asegurar a súa rastrexabilidade.

Tamén se conta cunha Unidade de Residuos perigosos que depende do Servizo de Prevención e cuxa función e a de asegurar unha correcta xestión dous residuos xerados na USC, dende a segregación e almacenamento ata a entrega a os xestores de residuos autorizados.

Todos os xestores de residuos que contrata a USC están debidamente autorizados de acordo á lexislación vixente.

Dispónse tamén dun almacén de residuos situado no Campus Sur de Santiago.

Ademais, dende a Unidade de Xestión de Residuos Perigosos xestiónase tamén a recollida de residuos eléctricos, electrónicos e informáticos. ■

Residuos perigosos	Código LER	2021	2022
Mercurio metal	060404	NE ²	29,2
Líquido de revelado	090102	961	NE
Aceites non haloxenados	130208	1.887	NE
Aceites de sentinas recollidos en peiraos	130402	20	150
Disolventes haloxenados	140602	20.067	14.142
Disolventes orgánicos non haloxenados	140603	1.311	140
Envases baleiros contaminados	150110	15.094	10.240
Absorbentes contaminados	150202	3.229	2.762
Filtros de cabinas	150202	50	31
Filtros de aceite	160107	95	Non
Equipos de informática e telecomunicacións	160213	18.988	4.800
Residuos de laboratorio	160506	711	1.022
Disolucións inorgánicos ácidos	160507	8.787	5.110
Disolucións acuosas de compostos orgánicos	160508	9.228	5.094
Baterías de chumbo	160601	1.657	572
Mesturas auga con hidrocarburos procedentes de limpeza de tanques	160708	1.050	NE
Residuos biosanitarios especiais	180103	12.647	13.170
Residuos citotóxicos	180108	2.280	1.401
Residuos bisanitarios especiais	180202	16	NE
Filtros-resinas de intercambio	190806	161	87
Tubos fluorescentes	200121	1.640	1.140
Equipos con CFCs	200123	120	699
Equipos de informática e telecomunicacións	200135	7.673	2.975
TOTAL		107.672	64.375

¹Fonte do dato: Unidade de Xestión e Residuos Perigosos.

²NE: Residuo non entregado ao xestor por ter produción suficiente.

Táboa 29 Cantidades de residuos perigosos xestionados pola USC (kg) nos anos 2021 e 2022¹



Residuos non perigosos	Código LER	2021	2022
Materiais inadecuados para o consumo	020501	3.780	1.240
Cartuchos de tóner	080318	961	50
Mesturas de radiografías	090107	NE ²	59
Placas radiográficas	090108	NE	44
Papel arquivo	150101	4.260	7.300
Envases compostos	150105	1.145	1.345
Metais non férreos	160218	NE	77
Residuos mixtos	160214	12.884	2.042
Compoñentes retirados de equipos fóra de uso	160216	455	NE
Aluminio	170402	30	37
Ferro e aceiro	170405	670	780
Cables sen substancias perigosas	170411	150	32
Residuos mesturados de construción e demolición	170904	8.500	1.650
Papel e cartón	200101	NE	1.705
Aceites de graxas comestibles	200125	1.848	2.690
Pequenos aparellos eléctricos (PAE)	200136	2.839	850
Metais	200140	4.054	1.280
TOTAL		37.320	21.181

Táboa 30 Cantidade de residuos non perigosos xestionados pola USC (kg) nos anos 2021 e 2022¹

¹Fonte do dato: Unidade de Xestión e Residuos Perigosos.

²NE: Residuo non entregado ao xestor por non ter produción suficiente.

6

Economía



A xestión económica abrangue a xestión orzamentaria e a rendición de contas. É nos orzamentos onde se define o marco das decisións económicas e financeiras; sobre as contas xerais da USC e das súas entidades vinculadas ou dependentes reflectindo a execución orzamentaria anual; da contabilidade analítica sobre o custo das actividades desenvolvidas e os indicadores de xestión dos servizos; ademais doutras sobre as tarifas vixentes e outra documentación relevante referidas ao plan económico-financieiro, aos resultados económico-patrimoniais, e á repartición de créditos ou diferentes balances de exercicio.

Os orzamentos aprobados teñen como eixes os principios de equilibrio, eficiencia e sustentabilidade. Ao ser una institución da administración pública finanza as súas actividades a través dos fondos que recibe das distintas partidas orzamentarias.

A USC pon a disposición dos seus grupos de interese e sociedade en xeral toda a información relativa á súa xestión económica⁴⁴.

Na seguinte táboa móstrase o valor económico directo xerado e distribuído.

Datos económicos	2021	2022
Valor económico directo xerado e distribuído (VEX)	260.810.161,85	268.277.206,74
Ingresos tributarios e cotizacións sociais	155.691,87	153.472,23
Vendas netas e prestación de servizos	31.161.735,19	31.835.048,20
Outros ingresos de xestión ordinaria	752.831,65	1.401.037,27
Transferencias e subvencións	228.343.248,94	234.887.649,04
Exceso de provisións	396.654,20	0
Valor económico distribuído (VED)	265.742.989,91	277.784.176,18
Transferencias e subvencións concedidas	4.048.274,07	4.801.475,27
Amortización de inmovilizado	13.950.041,00	14.889.882,66
Outros gastos de xestión ordinaria	55.164.820,38	54.956.062,97
Soldos, salarios e asimilados	170.575.974,63	179.381.013,96
Cargas sociais	22.003.879,83	23.755.741,32
Investimentos na comunidade		
Valor económico retido (VEX-VED)	-4.932.828,06	-9.506.969,44

Táboa 31 Os datos máis salientables da xestión económica da USC⁴⁵

Nos anos obxecto de esta memoria aportáronse aos plans de pensións e ao investimento en investigación as cantidades que se reflicten na seguinte táboa.

	2021	2022
Aportación aos plans de pensións	102.091,11 €	0 €
Investimento en investigación	65.684.316 €	59.595.089 €

Táboa 32 Investimento en plans de pensións e investigación nos anos 2021 e 2022 USC

6.1 ANTICORRUPCIÓN

A USC conta cun **Plan de medidas antifraude**⁴⁶, o cal busca promover entre o conxunto do persoal universitario, a propia comunidade universitaria e outras entidades ou axentes externos á organización, unha cultura ética e de integridade, que resulte polo tanto extensible a aquelas terceiras persoas coas que se colabora, cun efecto disuasorio de calquera actividade sospeitosa de fraude, corrupción ou conflito de intereses.

Neste Plan de medidas antifraude recóllese no Anexo II a **Declaración Institucional de loita contra o Fraude e prevención de riscos de Xestión da USC** feita polo Reitor.

Neste plan defínense as medidas de prevención e detección e como actuar nos casos de:

- Fraude
- Irregularidade
- Corrupción e malversación
- Conflito de intereses
- Dobre financiamento

A creación dunha canle de denuncias propia na USC como elemento de detección considérase esencial para dar conta da existencia dun comportamento fraudulento ou corrupto, dun posible conflito de intereses ou a constatación de dobre financiamento despois de que se teñan materializado tales riscos. Para estes efectos creárase o acceso a un formulario web que permita a presentación de denuncias por calquera persoa física ou xurídica coñecedora de presuntas irregularidades ou actuacións sospeitosas de fraude.

No acordo e iniciación dos procedementos previstos no punto 4.3 do Plan (Medidas de corrección) garantirase o anonimato e o tratamento confidencial da información subministrada polas persoas denunciadas e identificarse persoa ou ás persoas ás que se lle imputen. Porén, no caso de que se trate de denuncias anónimas, a súa admisión inicial poderá dar lugar ao comezo dunha investigación cando os posibles feitos constitutivos de fraude, corrupción ou conflito de intereses aparezan fundados e sexa ponderada a súa gravidade.

A nivel externo á USC poderase igualmente denunciar a posible existencia de feitos irregulares ou fraudulentos a través dos seguintes medios:

- A canle de denuncias “Info Fraude” do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA)⁴⁷.
- A páxina da Oficina Europea de Loita contra a Fraude (OLAF) para informar sobre sospeitas de fraude ou corrupción que afecten aos intereses financeiros da Unión⁴⁸. ■

⁴⁴ Pódese ampliar a información sobre a temas económicos na seguinte ligazón [Transparencia económica | Universidade de Santiago de Compostela \(usc.gal\)](https://transparencia.usc.gal/)

⁴⁶ Pódese ampliar información as contas anuais na seguinte ligazón <https://assets.usc.gal/sites/default/files/paragraphs/links/2021-09/Orzamento-USC-2020-sen-anexos.pdf>

⁴⁷ IGAE:Servicio Nacional de Coordinación Antifraude ([hacienda.gob.es](https://www.hacienda.gob.es/))

⁴⁸ Oficina europea de lucha contra el fraude - Comisión Europea ([europa.eu](https://www.europa.eu/))

7

Verificación externa



Esta memoria foi sometida a proceso de verificación externa, sendo auditada por AENOR Internacional SAU, entidade externa independente acreditada.

Esta memoria ponse á disposición dos Grupos de interese da USC na páxina web <https://www.usc.gal> ■


8

Frecuencia do informe e punto de contacto

Esta memoria GRI ofrece información do desempeño social, ambiental e económico da Universidade de Santiago de Compostela a todos os seus Grupos de Interese nos anos 2021 e 2022 e os anos académicos 2020/2021 e 2021/2022.

O contacto para cuestións relacionadas coa Memoria ou a información presentada nela é **Gumersindo Feijoo Costa**, vicerreitor de Transformación Dixital e Innovación.

Correo electrónico: vr.dixital@usc.gal ■



9

Anexo: Índice de contenidos



Declaración de uso		A Universidade de Santiago de Compostela elaborou esta memoria de acordo cos Estándares GRI para os cursos académicos 2021/2022 e 2021/2022 e os anos naturais 2021 e 2022.			
GRI 1 usado		GRI 1: Fundamentos 2021			
Estándar GRI	Contido	Ubicación	Comentarios	Requirimentos omitidos e xustificación	ODS
A Organización e as súas prácticas de presentación de informes					
2-1	Detalles organizacionais	P. 11-17			
2-2	Entidades incluídas na presentación do informe de sustentabilidade	Universidade de Santiago de Compostela			
2-3	Período obxecto do informe, frecuencia e punto de contacto	Portada P. 60			
2-4	Actualización da información			Non aplicable ao ser esta a primeira Memoria publicada	
2-5	Verificación externa	P. 60	Verificación GRI de AENOR		
Actividades e traballadores					
2-6	Actividades, cadea de valor e outras relacións comerciais	P. 11-17, 24-29			3.4, 3.8, 3.b, 8.3, 8.5, 8.8, 9.1, 9.5, 12.2, 12.5, 12.7, 16.5, 16.6, 16.10, 17.15, 17.17
2-7	Empregados	P. 38-49			8.5, 10, 3
2-8	Traballadores que non son empregados	P. 43			
Gobernanza					
2-9	Estrutura de goberno e composición	P. 20-21			5.1, 5.5, 16.7
2-10	Designación e selección do máximo órgano de goberno	P. 21			
2-11	Presidente/a do máximo órgano de goberno	P. 21	Reitor: Don Antonio López Díaz		
2-12	Función do máximo órgano de goberno na supervisión dos impactos	P. 20-21	As funcións as Establecidas nos Estatutos da USC		
2-13	Delegación da responsabilidade de xestión dos impactos	P. 21	Proceso establecido nos Estatutos da USC		
2-14	Función do máximo órgano de goberno na presentación dos informes de sustentabilidade	P. 21	Ver Informe de xestión do Reitor 2019-2022		
2-15	Conflitos de interese	P. 22-23	Ver Informe de xestión do Reitor 2019-2022		
2-16	Comunicación das inquietudes críticas		As funcións dos Órganos de Gobernos son as legal e regulamentariamente establecidas nos estatutos da USC. Ver os Informes do Claustro Universitario Cursos 2020-2021 e 2021-2022 do Valedor da Comunidade Universitaria		
2-17	Coñecementos colectivos do máximo órgano de goberno		Non se estableceron accións específicas nesta materia		
2-18	Avaliación do desempeño do máximo órgano de goberno		Dacordo o establecido nos estatutos da USC		

Estándar GRI	Contido	Ubicación	Comentarios	Requirimentos omitidos e xustificación	ODS	
GRI 2: Contidos xerais 2021	2-19	Políticas de remuneración		De acordo o establecido nos Artigos 76, 87 e 93 da Lei Orgánica 2/2023 de marzo, do sistema universistario	5.1, 8.5	
	2-20	Proceso para determinar a remuneración		De acordo o establecido nos Artigos 76, 87 e 93 da Lei Orgánica 2/2023 de marzo, do sistema universistario		
	2-21	Ratio de compensación total anual		De acordo o establecido na Lei Orgánica 2/2023 de marzo, do sistema universistario e no Convenio Colectivo para o persoal laboral da USC		
	Estratexia, políticas e prácticas					
	2-22	Declaración sobre a estratexia de desenvolvemento sostible	P. 6-9	Limiar do reitor e Limiar da presidenta do Consello Social		16.3, 16.5, 16.6
	2-23	Compromisos e políticas	P. 22-29			
	2-24	Incorporación dos compromisos e políticas	P. 22-29			
	2-25	Procesos para remediar os impactos negativos	P. 22-23, 41-49, 52-57, 61			
	2-26	Mecanismos para solicitar asesoramento e plantexar inquietudes	P. 23-28			
	2-27	Cumprimento da lexislación e as normativas		As funcións dos Órganos de Gobernos son as legal e regulamentariamente establecidas nos Estatutos da USC Durante o período obxecto desta memoria non se recolleron incumprimentos legais ou reglamentarios		16.3
2-28	Afiliación a asociacións	P. 24				
Participación dos grupos de interese						
2-29	Enfoque para a participación dos grupos de interese	P. 24-29			16.7	
2-30	Convenios de negociación colectiva	P. 31	O 100 % dos traballadores da USC están cubertos polos convenios colectivos			

Asuntos materiais					
Estándar GRI	Contido	Ubicación	Comentarios	Requisitos omitidos e xustificación	ODS
GRI 3: Temas materiais 2021	3-1 Proceso para determinar os temas materiais	P. 29-31			
	3-2 Lista de temas materias	P. 31			
Desempeño económico					
GRI 201: Desempeño económico	201-1 Valor económico directo xerado e distribuído	P. 60			8.1, 8.2
	201-2 Implicacións financeiras e outros riscos e oportunidades derivados do cambio climático			Non se deron implicacións financeiras, riscos nin oportunidades de este tipo	
	201-3 Obrigacións do plan de beneficios definidos e outros plans de pensións	P. 42-60			
	201-4 Asistencia financeira recibida do goberno	P. 60	Transferencias e subvencións		
GRI 205: Anti-corrupción	205-1 Operacións avaliadas en función dos riscos relacionados coa corrupción	P. 61	Non se deron situacións que implicasen á USC en situacións de corrupción ou fraude o longo do período obxecto da Memoria		16.5, 16.6 16.7, 16.10, 16.b
	205-2 Comunicación e formación sobre políticas e procedementos anticorrupción				
	205-3 Incidentes de corrupción confirmados e medidas tomadas				
Desempeño ambiental					
GRI 302: Enerxía	302-1 Consumo de enerxía dentro da USC	P.52			7.2, 7.3, 8.4, 12.2, 13.1, 13.2
	302-2 Consumo de enerxía fora da USC			Non se dispón de datos fiables sobre este contido	
	302-3 Intensidade enerxética	P. 52-53			7.2, 7.3
	302-4 Redución do consumo enerxético	P. 53-54			7.2, 7.3, 13.1, 13.2, 13.3
	302-5 Redución dos requirimentos enerxéticos dos servizos da USC	P. 53-54			
GRI 303: Auga e efluentes	303-1 Interacción coa auga como recurso compartido	P. 55			6.1, 6.2
	303-2 Xestión dos impactos relacionados co verquido de auga	P. 55			6.1, 6.6
	303-3 Extracción de auga			A USC consumo o 100% da auga de redes de abastecemento público.	6.4
	303-4 Verquido de auga	P. 55			6.3
	303-5 Consumo de auga	P. 55			6.4
GRI 305: Emisións	305-1 Emisións directas de GEI (alcance 1)	P. 54-55			3.9, 12.4, 13.1, 14.3, 15.2
	305-2 Emisións indirectas de GEI (alcance 2)				
	305-3 Outras emisións indirectas de GEI (Alcance 3)				

Estándar GRI	Contido	Ubicación	Comentarios	Requisitos omitidos e xustificación	ODS
GRI 305: Emisións	305-4 Intensidade de emisións de GEI	P. 54-55			3.9, 12.4, 13.1, 14.3, 15.2
	305-5 Redución das emisións de GEI				
GRI 306: Residuos	306-1 Xeración de residuos e impactos significativos relacionados cos mesmos	P. 54			3.9, 6.3, 12.2, 12.3, 12.4, 12.5, 12.7, 12.8
	306-2 Xestión dos impactos significativos relacionados cos residuos	P. 54			
	306-3 Residuos xerados	P. 55-57			
	306-4 Residuos non destinados a eliminación				
	306-5 Residuos destinados a eliminación				
Desempeño social					
GRI 401: Emprego	401-1 Contratación de novos empregados e rotación de persoal	P. 40			8.5, 8.6, 10.3
	401-2 Prestacións para os empregados a tempo completo que non se dan aos traballadores a tempo parcial ou temporais		Todos os traballadores reciben as mesmas prestacións, sen distinción ningunha.		
	401-3 Permiso parental	P. 44			
GRI 402: Relacións traballador/ empresa	402-1 Prazos de aviso mínimos sobre trocos operacionais		Os prazos de aviso sobre trocos operacionais veñen establecidos nos convenios colectivos para o persoal laboral (PAS) da USC aprobado mediante a resolución do 17 de novembro de 20108 da Dirección Xeral de Relacións Laborais e o Convenio Colectivos para o Persoal Docente e Investigador laboral das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo .		8.5
GRI 403: Saude e seguridade no traballo	403-1 Sistema de xestión de saúde e seguridade no traballo			Non se implantou un sistema de xestión de seguridade e saúde dos traballadores	3.3, 3.4., 3.5, 3.6, 3.7, 3.8, 8.5, 8.6
	403-2 Identificación de perigos, avaliación de riscos e investigación de incidentes	P. 44-45			
	403-3 Servizos de saúde no traballo	P. 44-48			
	403-4 Participación dos traballadores, consultas e comunicación sobre a saúde e seguridade no traballo	P. 47			
	403-5 Formación de traballadores sobre saúde e seguridade no traballo	P. 41, 47-48			
	403-6 Promoción da saúde dos traballadores	P. 48			
	403-7 Prevención e mitigación dos impactos para a saúde e a seguridade no traballo directamente vinculados a través das relacións comerciais			Non aplicable	
	403-8 Cobertura do sistema de xestión da saúde e a seguridade no traballo			Non aplicable	

Estándar GRI	Contido	Ubicación	Comentarios	Requisitos omitidos e xustificación	ODS
GRI 403: Saude e seguridade no traballo	403-9 Lesións por accidente laboral	P. 45-46			
	403-10 Doenzas e enfermidades laborais	P. 44-46			
GRI 404: Formación e educación	404-1 Promedio de horas de formación o ano por empregado	P. 41			4.3, 4.4., 4.5, 5.1, 8.2, 8.5, 10.3, 10.4
	404-2 Programas para desenvolver as competencias dos empregados e programas de axuda á transición	P. 41, 47-48			
	404-3 Porcentaxe de empregados que reciben avaliacións periódicas do seu desenvolvemento da súa carreira	P. 41			5.1, 8.5, 10.3
GRI 405: Diversidade e igualdade de oportunidades	405-1 Diversidade nos órganos de goberno e empregados	P. 21-22			
	405-2 Ratio entre o salario básico e a remuneración de mulleres e homes		Os salarios dos traballadores da USC e dos membros dos órganos de Gobernos veñen establecidos nos convenios colectivos para o persoal laboral (PAS) da USC aprobado mediante a resolución do 17 de novembro de 20108 da Dirección Xeral de Relacións Laborais e o Convenio Colectivos para o Persoal Docente e Investigador laboral das universidades de A Coruña, Santiago de Compostela e Vigo		5.1, 5.2, 5.5, 5.a, 5.b, 5.c
GRI 406: Non discriminación	406-1 Casos de discriminación e accións correctivas emprendidas	P. 44			5.1, 8.8, 10.2, 10.4
GRI 407: Liberdade de asociación e negociación colectiva	407-1 Operacións e provedores nos que o derito a liberdade de asociación e a negociación colectiva podería estar en risco		Non se detectaron casos deste tipo		8.7
GRI 413: Comunidades locais	413-1 Operacións con programas de participación da comunidade local, avaliacións do impacto e desenvolvemento	P. 29			
	413-2 Operacións con impactos negativos significativos –reais ou potenciais– nas comunidades locais		Non se detectaron casos deste tipo		11.4, 15.1, 15.9
GRI 418: Privacidade dos usuarios	418-1 Reclamacións fundamentadas relativas a violación da privacidade dos usuarios da USC e perda de datos destes	P. 48-49	Non se detectaron casos deste tipo		

AENOR



VERIFICACIÓN DA INFORME SOBRE SUSTENTABILIDADE

AENOR

INFORME DE
SOSTENIBILIDAD
VERIFICADO

VMS-2024/0004

AENOR certifica que a organización

UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

concluindo que se levou a cabo de acordo cos estándares de informes GRI e ofrece unha visión global dos impactos máis significativos da organización sobre a economía, o medio ambiente e as persoas, incluíndo os impactos que afectan aos dereitos humanos, e como os xestiona.

Título do informe: Memoria de Responsabilidade Social

Período cuberto polo informe entre: Do 1 de xaneiro de 2021 ao 31 de decembro de 2022

Enderezo en: CASA DA BALCONADA, 6. 15782 - SANTIAGO DE COMPOSTELA (A CORUÑA)

Data da primeira emisión: 2024-03-06



Rafael GARCÍA MEIRO
CEO

AENOR CONFIA S.A.U.
Génova, 6. 28004 Madrid. España
Tel. 91 432 60 00.- www.aenor.com

